



Fundación  
GALIZA  
SEMPRE

Colabora



Deputación  
DA CORUÑA



# eucaliptos e o forestal arborado.

ideas impresas

*Ramón Varela Díaz*

(número 1 · ano 2020)

# eucaliptos e o forestal arborado

ideas impresas

*Ramón Varela Díaz*

(número 1 · ano 2020)

# ideas impresas

- 0 · O nacionalismo galego hoxe
- 1 · Orzamento participativo
- 2 · Quebec: unha nación
- 3 · A nova Europa: medra o mercado, agardan os dereitos
- 4 · Galiza no Foro Saocial Mundial
- 5 · Gobernar para transformar a dependencia
- 6 · Economía galega e autonomía política
- 7 · Traballo e xénero
- 8 · Neoliberalismo e desigualdade social
- 9 · A evolución (perversa) da política social da Unión Europea
- 10 · Fagamos contas



Fundación  
**GALIZA  
SEMPRE**

**edita**

Fundación Galiza Sempre  
Avda. Rodríguez de Viguri 16  
15702 Santiago de Compostela  
[www.galizasempre.gal](http://www.galizasempre.gal)

**deseño gráfico**  
distrito xermar

**colabora**



**Deputación  
DA CORUÑA**

# Índice

Superficie e Titularidade · **9** ·

Especies, Forestacións e Repoboacións forestais · **13** ·

Produción forestal e Cortas de madeira · **19** ·

Industria da madeira, Consumos e Valor · **27** ·

Incendios forestais · **37** ·

Plan de expansión do Eucalipto · **43** ·

Conclusións · **55** ·



# Introdución

A política forestal aplicada na Galiza, primeiro polo Estado e despois polo Goberno autonómico, continua hoxe a intensificar a produción de madeira de baixa calidade partindo dun modelo de monte baseado en eucaliptos e piñeiros. Un modelo que non consegue, nin pretende, erradicar os incendios forestais, nin contempla tampouco a diversificación forestal, nin o aproveitamento e a protección das especies do noso bosque autóctono, nin o uso social do monte... A política forestal está en cuestión dende hai tempo, aplicouse de costas á realidade e, dende o primeiro momento, oposta a un desenvolvemento agro-gandeiro-forestal integrado e sustentábel. Nos anos 1940-50 xa existiu unha forte oposición á repoboación forestal con especies de crecemento rápido porque apartaba, suprimía ou prohibía a posibilidade de pastoreo no monte repoboado e substraía terras antes aproveitábeis e pastábeis, ao tempo que impedía á poboación das aldeas, aproveitamentos diversos e usos do monte. Dende aquela, a intensificación e agudización do modelo foi en aumento.

Mentres o forestal despega con altas producións chegando na actualidade a cortas de madeira anuais de máis de 10 millóns de metros cúbicos, a superficie de cultivos e praderías vai diminuindo e as producións van a menos, segundo os Anuarios do Ministerio de Agricultura, no ano 1970 Galiza tiña 184.233 hectáreas dedicadas a cereal millo-grao que producían case 400.000 toneladas/ano, no ano 2018 dedícase a este cereal só 17.503 ha e produce 102.933 toneladas que representa tan só o 2,7% do total da Península cando no 1984 chegaba ao 16,6% do Estado . O mesmo sucede co centeo, plantado en 101.811 ha no ano 1970, mentres que as previsións da superficie para o 2020 son 4.075 ha. Podíamos dicir o mesmo no sector gandeiro, o número de cabezas de gando que tiñamos no século pasado xa non se alcanzan na actualidade, durante o século XX non se baixaba do millón de cabezas, mesmo no ano 2002, o noso país tiña unha cabana gandeira con 1.125.249 vacas, men-

tres que en maio 2019 só alcanzamos 937.288 animais, sucedendo o mesmo co gando ovino-caprino, que no 2018 tiña 254.000 animais cando chegamos a aproximarnos a dous millóns en tempos pasados.

Podemos preguntarnos: Existe relación entre o aumento de eucaliptos e piñeiros e o notábel descenso de cabezas na gandaría, coa baixada na produción agrícola de cereais grao, ou coa necesidade de importación de pensos e cereais para alimentar as granxas cando antes eramos autosuficientes?. A política forestal terá que ver co peche de explotacións gandeiras, abandono das aldeas e a perda de poboación do rural? Interesa seguir aumentando a produción madeireira e ocupando máis terras fronte a outras posibilidades agro-gandeiras? Por que está estancada a industria da 2ª transformación da madeira? Por que a administración non potencia a plantación seleccionada de frondosas autóctonas cuxa madeira importamos?

O texto que segue axudará a entender a problemática e os intereses que moven a política forestal, á vez que alerta das grandes posibilidades que temos aínda hoxe cun obrigado cambio de rumbo. Necesítase partir dun modelo propio, nin alleo nin imposto e ao servizo do país e non de grandes empresas multinacionais .

Antes de entrar en detalle, convén lembrar só algúns feitos destacados relacionados co forestal, para moitos posibelmente descoñecidos:

- No ano 1988, e ante o gran número de incendios forestais e á vista de como evolucionaban as repoboacións, propúxose pola sociedade e ante o Parlamento un modelo forestal distinto que foi rexeitado (e silenciado); era a Primeira Iniciativa Lexislativa Popular (ILP), do Forestal. Unha Comisión Promotora formada por representantes de grupos de defensa ecolóxica, sindicatos agrarios, comunidades de montes, labregos e cidadáns a título particular... presentaron unha ILP para a “Conservación, Mellora e Desenvolvemento do Patrimonio Forestal” que pretendía entre outras cousas:
  - Diversificación forestal. Incremento do patrimonio forestal de titularidade públicas. Que o monte servira para conservación, produción e uso social. Diversificación dos usos do monte e industrial. Protección e aumento en extensión do bosque autóctono. Aumento da investigación forestal. Control dos cambios no uso do monte ....

- Asinada a ILP por 34.000 persoas (só se precisaban 15.000 asinantes) e defendida no Parlamento en xuño de 1989, foi apoiada só pola oposición formada naquel momento polo Bloque Nacionalista Galego (BNG), por Esquerda Galega (EG) e polo Partido Popular (PP) e rexeitada polos grupos de Goberno (tripartito: PSOE, CG e PNG). A votación foi 31 votos a favor da ILP e 33 en contra.

- Tres anos despois, no ano 1992, gobernando de novo o Partido Popular, sae adiante no Parlamento un Plan Forestal, realizado e defendido polo Goberno galego que era e segue a ser diametralmente oposto á proposta da ILP, aquela proposta que apoiara o PP en votación en 1989. Votar a favor ou en contra para o PP foi só un camiño para lograr gobernar a calquera prezo; agora tocaba defender co Plan os grandes intereses de empresas da primeira transformación da madeira, en especial da celulosa, e favorecer de paso as fábricas de taboleiros.

- No ano 2016, seguindo no Goberno o PP, contéplala unha Revisión do Plan Forestal de 1992, inicialmente vixente por 40 anos, despois de 25 anos queren revisalo e intensificalo e sae adiante no Parlamento en 2018. O Plan pretendía alcanzar en 2032 unha extensión de forestal arborado de 1,67 millóns de ha. Como aínda non chegou e está en 1,4 millóns hoxe pretende dar un novo impulso e aumentar en 250.000 ha a superficie arborada actual, aumento que será na práctica a costa de calquera superficie (monte baixo, cultivos e pradéras). Convén resaltar algunhas afirmacións que figuran no texto da Revisión:

- As plantacións de eucalipto excederon a extensión prevista. En masas monoespecíficas xa superaron as previsións en 40.000 ha e masas mesturas xa excedeu en 190.000 ha, en total 230.000 ha máis (15 anos antes do previsto).
- O bosque autóctono só cumpriu as expectativas previstas en Ourense quedando lonxe nas demais provincias especialmente A Coruña e Pontevedra.
- Ao Pinus pinaster só lle faltarían 12.000 has para alcanzar as previsións feitas para 40 anos.



- Os *Pinus insignis* e ao *Pinus sylvestris* considera que aínda podían duplicar a súa superficie ampliando a 135.000 ha e 74.000 ha respectivamente.

No ano 2018, sesenta colectivos e entidades promoveron unha nova ILP a favor do bosque autóctono, por un aproveitamento multifuncional e sustentábel do monte, pór unha moratoria e un límite á imparábel expansión do eucalipto, por unha loita diferente e efectiva contra os incendios... Para este novo modelo e de xestión forestal en Galiza presentaron máis de 42.000 sinaturas de apoio no Parlamento. O debate e a votación concluíron de novo con rexeitamento frontal do partido no Goberno (PP) e a falta de unidade da oposición coa lamentábel abstención do PSOE, mentres BNG e En Marea apoiaron a proposta.

Santiago de Compostela, xaneiro do 2020

# Superficie e titularidade

## Superficie

O Anuario de Estatística Forestal, 2017 do Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación (o último publicado até xaneiro 2020) daba como superficie forestal galega 2.040.754 ha correspondendo á arborado 1.454.298 ha. A Xunta de Galiza na 1ª Revisión do Plan Forestal de Galiza, elaborado en 2016 (aprobada en 2018) daba un total de 2.030.681 ha, sendo a extensión arborada de 1.424.094,2 ha, o que representaba 70,1% da superficie forestal e 48,2% da superficie total galega. As estatística do Ministerio de Agricultura e da Xunta de Galiza tamén difiren algo na superficie dedicada a matogueiras; no primeiro caso cifrase en 586.456 ha e no segundo en 606.586,8 ha ou -29,9% da superficie forestal.

Á altura de 2020, cal é a superficie actual arborada e a dedicada a matogueira en Galiza? A resposta ten que esperar a que o Ministerio de Agricultura faga público este ano 2020 ou en 2021 o próximo “Inventario Nacional Forestal (INF5)”. Os datos oficiais que hoxe se manexan en particular da Xunta de Galiza correspónden exactamente cos do Inventario Forestal (INF4) publicados en 2010 con estudos de campo de anos anteriores. Dende hai dez anos sempre que se refiren á superficie forestal temos unha “foto fixa” que só se move cada dez anos cando se volve realizar e publicar o Inventario Forestal do Estado, o que indica un desinterese e/ou a incapacidade da administración galega para poñer ao día as modificacións que se suceden na superficie forestal arborada, aínda que se recoñecen cambios notábeis e a pesar do importante peso do noso forestal no Estado.

## Galiza/Estado

A superficie forestal galega representa 7,2% do total do Estado (27,95 millóns de ha ). Se só consideramos o forestal arborado, chegamos a 7,7% e se

nos centramos na matogueira ou desarborado estaríamos, en 6,3% do Estado. Galiza, con 1,4 millóns de hectáreas de forestal arborado, ten 48% do seu territorio arborado e ten 0,5 ha de superficie arborada por habitante. Con relación á superficie desarborada, o Estado Español ten 9,49 millóns de hectáreas que representan o 40% dos matorrais, pastizais e devesas da Comunidade Europea.

A Unión Europea UE-28 ten unha superficie arborada de 182 millóns de ha e o Estado español 18,46 millóns de ha, equivalente a 36,3% da súa extensión, e ten 0,4 ha de superficie arborada por habitante. España está na segunda - terceira posición por superficie forestal no conxunto dos países europeos.

Dende a entrada de España no Mercado Común en 1986 a mediados da década pasada, transformáronse na Galiza polo menos 265.000 ha de superficie agraria útil para outros fins, fundamentalmente forestal. Europa e España queren que Galiza sexa unha potencia forestal e unha reserva e almacén de madeira, por enriba de todo madeira de baixa calidade e crecemento rápido, madeira barata que sirva para que funcione a industria multinacional da celulosa e papel.

## **Titularidade**

### **Titularidade pública**

Temos unha moi baixa superficie de titularidade pública tanto do Estado, como da Comunidade Autónoma e dos Concellos. Os montes catalogados de Uso Público ocupan só 23.079 ha e os montes do Estado, Comunidade e Montes Patrimoniais ocuparan 32.800 ha, e o Anuario Estatística Forestal de Galiza 2018 (Xunta de Galiza, 2019) dá a cifra de 230 montes de titularidade pública con 55.108,8 ha (39,9% de utilidade pública, 28,1% patrimoniais de concellos e 21,9% do Estado e a Comunidade Galega). En calquera caso, non chegaría a máis que 2,7% da superficie forestal total.

A situación é distinta no Estado, xa que as entidades públicas (sobre todo os concellos) ostentan a propiedade de 31,4% do forestal, mentras que na Galiza temos o rateo hectáreas/habitante de titularidade pública máis baixa do Estado e á moita diferenza da inmediatamente superior.

Ter montes públicos do Estado, da Xunta ou dos concellos é importante, pois permitiría entre outras cousas levar a cabo unha ordenación e xestión sil-

vícola integrada coa agricultura e gandaría e en función dos intereses locais, e fixar poboación no campo ligada ao monte, incluso servir de modelo ou exemplo para o monte privado.

### **Titularidade de Montes Veciñais en Man Común (MVMC)**

A superficie dos montes veciñais en man común alcanza 666.735 ha (620.313 ha segundo o Anuario 2015 e 664.229 ha segundo o Anuario Xunta de 2019) e representa 32,7% do total. Son pouco máis de 3.300 montes veciñais cun tamaño da orde de 200 ha/comunidade. Moitos montes veciñais en man común (teoricamente non son susceptíbeis de división nin aproveitamento individual) na práctica teñen aproveitamento forestal individualizado, sen que a Administración o impida. Por exemplo na provincia de Lugo, que ten 30% dos montes veciñais en man común de Galiza ten aproveitamento individualizado no 48% do total, que se realizan sen acordo asembleario, sen limitación temporal, sen rotación de comuneiros...

### **Titularidade privada**

O monte privado individual, arborado e desarborado, ocupa 1.312.172 ha, da orde de 64,6% do total. Sendo moi importante o número de propietarios do monte, (672.000 titulares catastrais forestais), tamén destaca o pequeno tamaño das parcelas que apenas superan un cuarto de hectárea en parcela media, e 80% das parcelas son menores de 0,5 ha. Cada propietario no mellor dos casos, alcanza con varias parcelas a ter dúas ou tres hectáreas de media.

### **Xestión pública**

A administración forestal da Xunta de Galiza xestionaba no ano 2017 con contratos administrativos convenios ou consorcios un total de 315.499 ha é dicir 15,7% do monte galego, pertencendo a montes comunais 273.885 ha (93%). Os últimos datos (Anuario de Estatística Forestal de Galiza) confirman que a xestión pública en convenio ou consorcio diminuirá e só chegaba a 275.658 ha en 1.763 montes.



# Especies, forestación e repoboacións forestais

## Especies

Resulta moi difícil coñecer por especies concretas a superficie que ocupa o arborado, xa que as estadísticas oficiais e os inventarios forestais establecen interesadamente só tres grupos de arborado: coníferas, frondosas e mixtas. Intencionadamente na clasificación “frondosas” teñen incluído un conxunto moi diverso de especies, comprendendo tanto aos eucaliptos (frondosas perennes de crecemento rápido) como arborado autóctono (frondosas caducas de crecemento máis ou menos lento coma os carballos, castiñeiros, bidueiros, ameneiros, etc. Mesmo outras frondosas autóctonas ou alóctonas como carballos americanos, choupo, E acacias. Algo semellante ocorre coa categoría “mixtas”, xa que non coñecemos con exactitude a porcentaxe que ocupa a especie dominante ou dominantes, pois consideran misturas de piñeiros e carballos, de piñeiros e eucaliptos, de eucaliptos e carballos... Consideran fusión de dúas especies cando en realidade existen máis misturas, na práctica a maioría das “mixtas” ou dominantes son eucaliptos e piñeiros aínda que poida suceder que temporalmente sexan outras.

No ano 2016, a Xunta de Galiza (1ª Revisión do Plan Forestal de Galiza) afirma con datos de anos anteriores, que as masas puras e/ou mixtas de frondosas autóctonas e os bosques de ribeira ocupan máis de 400.000 ha (delas o carballo ocupa 350.000 hectáreas). Tamén asegura que o eucalipto ocupa máis de medio millón de hectáreas (incluídas masas puras e mixtas), cifra moi superior á do conxunto do bosque autóctono. As coníferas segundo estes datos, pasarían de algo das 400.000 ha. Na actualidade o maior cambio correspondería ao eucalipto, xa que a superficie en aumento podería pasar das 600.000 ha en masas puras e mixtas.

Convén lembrar que, con criterios científicos diversos estudos apuntan a que 50,4% de Galiza é apto para cultivos (terras de menos de 20% de pendente, máis de 50cm de fondura) e outro 23,7% podía permitir un cultivo superficial e controlado, mesmo para pastos permanentes, ambos poden ocupar 74,2% do total. As forestacións e repoboacións logo van en sentido contrario da racionalidade e ciencia.

*No Cadro ,l seguinte, correspondente ao ano 2017 pode verse a distribución dos tres grupos de arborado en que se agrupa o arborado segundo o Ministerio de Agricultura: Coníferas, frondosas (eucaliptos, carballos, castiñeiros...) e mixtas.*

	<b>Coníferas</b>	<b>Frondosas</b>	<b>Mixtas</b>	<b>Mixtas</b>
<b>Galiza</b>	401.034	740.694	279.868	1.421.597
<b>Estado</b>	6.791.745	10.178.715	1.371.615	18.342.075
<b>Posto nas CCAA.</b>	7	5	1	7
<b>Porcentaxe G/E</b>	5,9%	7,3%	20,4%	7,7%

Fonte. Anuario Estadística Forestal 2017. Ministerio Agricultura.

## Árbores xoves

As árbores xoves ocuparían da orde de 145.000 ha, pero, unha vez máis, piñeiros e eucaliptos están a moita distancia con respecto das frondosas autóctonas. As coníferas xoves representan con relación á superficie total arborada o 6,28% (87.759 ha), as de eucalipto xove 2,81% (39.814 ha), mentres as de frondosas autóctonas só 1,22% (17.221 ha). Se hoxe as árbores mais abundantes e que ocupan maior extensión son os eucaliptos, no futuro seguirá sendo así con este Plan Forestal.

## Forestación, Repoboacións

Mentres no Estado Español as forestacións e repoboacións forestais fixéronse na súa maior parte con especies autóctonas, propias do lugar onde se realiza a plantación. Aquí fíxose todo o contrario, as plantacións (en espazo novo ou forestación ou en espazo forestal antes xa arborado ou reforestación). Foron exclusivamente de especies foráneas como eucaliptos de Nova Zelanda, Tas-

mania e Australia, coníferas de California, Oregón e Portugal... Se no estado 19% da superficie forestal arborada está composta por unha soa especies arbórea e dominan as formacións pluriespecíficas, aquí 55-60% da superficie forestal arborada comprende monocultivos de piñeiros e monocultivos de eucaliptos en masas puras, representando 75% se consideramos masas puras e mixtas das especies de crecemento rápido.

### **Ritmo de plantacións**

Entre o ano 1991 e 1995 a forestación e repoboación forestal alcanzou 47.010 ha. No intervalo 1998-2002 a media de repoboación (denominaremos así moitas veces ante a imposibilidade de separar as forestacións e reforestacións en extensión), no Estado segundo os Anuarios de Estatística do Ministerio eran de 51.830 ha/ano para forestación de terras agrícolas, 48.413 ha/ano para áreas de protección e 18.051 ha/ano para áreas productoras.

A finais do século XX, estíbese a repoboar na Galiza cunha media de 23-24.000 ha/ano e durante o período 2005-2007 repoboouse na Galiza con 26.700 ha/ano de media e só superou esta cifra Castela e León con 46.600 ha.

No período que vai do ano 2000 a 2013, a Xunta recoñece que se plantaron 135.000 ha a un ritmo de media anual de 10.000 ha. En 2006 foron forestadas e reforestadas 13.600 ha, das cales foron subvencionadas pola PAC 6.300 ha (forestación en terras agrícolas) e as restantes 7.300 ha foron para 1ª e 2ª repoboacións .

Dende 2013 a 2017 seguen acentuándose as plantacións (tanto as forestacións en terras doutros usos como as repoboacións) podendo pasar de 15.000 ha/ano, a gran maioría de eucaliptos, superficie que pode quedar pequena ante a maior intensidade de plantacións dende o 2017 até hoxe.

### **Forestación e Repoboación en matogueira**

No Plan Forestal do 92, quedaba claro que a matogueira tiña que deixar paso ao arborado, a extensión de matogueira tiña que diminuír en 472.263 ha. En Galiza o número de hábitats de interese Comunitario é de 72 (1/3 do establecido na Directiva Europea), dos cales 18 son prioritarios (1/4 do total).



Entre o 2004 e o 2016 todos os hábitats, en especial as zonas de matogueira, tanto os queirogais secos de alta montaña como os queirogais húmidos, etc... reduciron a súa superficie por mor da forestación. Só na zona de Ancares-O Courel, entre o 2003 2011 perdéronse 7.000 ha de queirogais secos (quinta parte destas formacións), forestacións realizadas con cargo a fondos comunitarios. Na Serra do Xistral foron afectados os queirogais húmidos con especies endémicas e, moitos terreos pasaron a plantarse de eucaliptos, piñeiros e pasteiros. Os eucaliptos tamén chegaron a substituír queirogais húmidos na parte alta da bacía do Eume, nas Pontes,... A perda de extensión de matogueira pastábel non parou, e na actualidade continúa e aumenta ano tras ano.

## **Forestación en terras agrícolas**

Un factor que inflúe para aumentar a forestación en terras agrícolas e concretamente en pasteiros é a interpretación que fai a Xunta de que os “pasteiros” e calquera terreo pastábel son monte forestal. Pero non é así, xa que na mesma Lei de Montes non se define os pasteiros como forestais; o que se se define é o aproveitamento de pastos en terreo forestal que é algo moi distinto. A Xunta arquiva case sistematicamente as denuncias presentadas por repoboacións nestes lugares.

Os sindicatos agrarios daban cifras de 30.000 ha de terreo agrícola plantadas ilegalmente con eucalipto xa hai catro anos. Hoxe serán seguramente bastantes máis, a administración non fixo volver a situación atrás. Para a administración, que ten un papel determinante na forestación de terras agrícolas, calquera desculpa é boa para incrementar as masas forestais, e agora utiliza o argumento de incrementar a plantación de eucalipto como sumidoiros de carbono e para contribuír a loita contra o cambio climático. Mágoa que non aplique tal argumento para o bosque autóctono e as especies propias.

Xa en 2011 existiu unha liña de axudas (Orde 17 xuño 2011 DOG 123) da Xunta cofinanciada co FEADER (Fondo Europeo de Desenvolvemento Rural) para forestar en terreo non arborados (zonas de matogueiras), e ademais en zona de pasto con arborado e pasto arbustivo. Os importes da subvención chegaban ao 80% do valor da investimento en varios conceptos, ademais de primas de mantemento durante 5 anos, así como axudas para infraestrutura para superficie mínima de particulares en 3 ha en coto redondo e 5 ha se se tratase de castiñeiros de froita. Pero que particular ten 5 ha para plantar?.

## Forestación en veigas e a beira dos ríos

Obsérvase que en diversos lugares tamén se estenden as plantacións forestais en zonas de veiga, terras agrícolas de inmejorable calidade, nas ladeiras de montes próximas ao nacemento de fontes, mananciais, regos ou ríos o que implica repercusión nos leitos fluviais, acuíferos e mananciais de auga potable. Diversos estudos indican incluso que a diversidade e riqueza de macroinvertebrados (insectos, crustáceos, moluscos) acuáticos diminúen (e as especies piscícolas) a medida que aumenta a superficie de eucaliptos.

A existencia destas forestacións pode verse mesmo nas proximidades ou no interior de zonas de Reserva da Biosfera, Rede Natura e outros lugares con algún nivel de protección. Están na conca do río Eume, Sar, Miño (no Pedregal de Irimia), a beira do nacemento do Azúmara (afluente do Miño) e na ribeira de numerosos ríos, etc... con plantacións de eucaliptos recentes.

## Plantacións e superficie forestal protexida

Segundo o documento de 1ª Revisión Forestal 2016 (Xunta), estaba protexido o 21% da superficie dos bosque de carballos e outras frondosas, 10% de soutos e bidueiros, 4% dos bosque de ribeira. Pero tamén estaban protexidos 5% das plantacións de eucaliptos, 8% de piñeiro silvestre, 12% de piñeiro pinaster e insignis... Resulta curiosa, incríbel e sorprendente a escolla realizada pola administración para protexer da mesma maneira especies introducidas e propias.

Na actualidade a superficie forestal arborada e desarborada protexida alcanza a terceira parte do total, pero se nos comparamos con outras Comunidades ocupamos os últimos lugares. A catalogación como zona protexida (Rede Natura, Espazo Natural Protexido...) non serve na práctica para protexer os ecosistemas e impedir que nela se realicen obras, cortas ou plantacións legais ou ilegais, que se instalen aeroxeradores, tracen pistas innecesarias, planten eucaliptos ou deixen que os eucaliptos invadan o terreo protexido. Non existe prevención efectiva contra os incendios forestais, utilizan maquinaria pesada nos labores de preparación de forestación, fan devasas en contra das disposicións oficiais, non se fai silvicultura e non se trata, nin se protexe adecuadamente o bosque autóctono e de ribeira... En definitiva, o sentido que tiña a catalogación de protección do ecosistema bosque ou matogueira e da protección de especies, nin se cumpriu nin se cumpre na Galiza, e a

administración, en momentos de conflitoponse do lado das empresas e industrias forestais, nunca para defender esas 693.478 ha declaradas e teoricamente protexidas.

*No Cadro II pode verse a superficie forestal protexida por diversas figuras de protección: Rede Natura 2000, Espazo Nacional Protexido... sendo das últimas Comunidades do Estado por protección forestal e ano tras ano mantémonos por baixo da media do Estado. Pero aínda así a categorización non serve de moito na práctica. Cadro II. Superficie forestal “teoricamente” protexida”.*

	Arborado ha	Desarborado ha	Total forestal ha
<b>Superficie forestal protexida por Rede Natura, Espazo Nacional Protexido ou ambas</b>	137.091	176.877	313.968
<b>Superficie forestal protexida por outras figuras</b>	---	---	379.510
<b>Superficie forestal total protexida</b>	---	---	693.478

	% forestal protexida na Galiza	% forestal protexida España	Posto que ocupa en España
<b>Superficie forestal protexida por Rede Natura, Espazo Nacional Protexido ou ambas</b>	15%	41%	Último CCAA
<b>Superficie forestal protexida por outras figuras</b>	31%	---	
<b>Superficie forestal total protexida</b>	34%	45%	Penúltimo CCAA

# Producción forestal: Cortas de madeira

A Unión Europea, (UE-28), é deficitaria en madeira sendo grandes produtores Suecia, Finlandia, Alemaña, Francia e Polonia. En produción de madeira, Galiza supera a Lituania, Bulgaria, Hungría, Eslovaquia, Croacia, Italia, Dinamarca, Irlanda, Holanda, Grecia, Luxemburgo, Chipre, Bélxica e Malta. Ao mesmo tempo, estamos á cabeza da UE nos rateos de aproveitamentos de madeira por hectárea forestal e arborado só comparábeis cos grandes produtores.

O volume de cortas de madeira na Galiza nos últimos anos é o seguinte:

2015. Cortas de madeira de 8,25 millóns de metros cúbicos.

2017. A madeira cortada alcanza 8,59 millóns de m<sup>3</sup> segundo a Xunta de Galiza (Axencia da Industria Forestal) ou 9,6 millóns segundo o Ministerio de Agricultura (3,9 millóns en coníferas e 5,7 millóns en eucaliptos e outras frondosas, madeira con codia). Seis distritos dos dezanove en que dividen a Galiza concentraban 71% dos aproveitamentos da madeira. Destacaba a Mariña Lucense con 1,2 millóns, sendo este o distrito de maior volume de cortas, seguido por cinco con cortas que superan o millón de m<sup>3</sup>: Bergantiños-Mariñas Coruñesas, Ferrol-Ortega, Lugo-Sarria, Santiago-Meseta interior e Terra Chá.

Por especies en 2017 respecto de 2015, existiu un incremento nas cortas de madeira de eucalipto de 14%, un descenso das coníferas en 9% e as cortas de frondosas do país descenderon case 13%. E con 243.639 m<sup>3</sup> son irrisorias, ao representaren no total menos de 3%, temos grandes potencialidades e posibilidades coas frondosas autóctonas, madeira que non medra en calquera país, pero non se pretende actuar sobre elas.

2018. Segundo o Anuario de Estatística Forestal de Galiza 2018, publicado en 2019 pola Xunta superáronse os 10.071.525 m<sup>3</sup>. Delas, as cortas en terreos de xestión privada alcanzan 9,71 millóns de m<sup>3</sup>, a que se teñen que sumar as cortas en terreos de xestión pública de 333.100 m<sup>3</sup>. A Coruña e Lugo representan 86% do total das cortas en xestión privada.

Por especies, as cortas de eucaliptos, con preto de 6 millóns de m<sup>3</sup>, representan 58,8%, as coníferas o 38,3%, e as frondosas do país tan só representaran 2,7%. No ano 2018 cinco distritos superan cortas de madeira de máis de un millón de m<sup>3</sup> e deles tres distritos superan o millón de m<sup>3</sup> só en madeira de eucalipto: A Mariña Lucense, Bergantiños- Mariñas Coruñesas e Ferrol. O eucalipto segue representando máis de 50% do total das cortas por noveno ano consecutivo, sendo de resaltar o volume de corta de *Eucalyptus nitens* que xa alcanzaba no 2017 máis de 1 millón de m<sup>3</sup>.

2019. á falta de información oficial e publicacións do Ministerio de Agricultura ou Xunta, todo indica que se superou a cifra de cortas de madeira do 2018.

*No Cadro III poden verse as cortas en diferentes especies. Destaca a alta produción en madeira de eucalipto e a baixa en madeira de frondosas propias do país. Cortas totais por especie no 2017 e 2018, en xestión privada e xestión pública.*

		<b>Eucaliptos</b>	<b>Pinus pinaster</b>	<b>Pinus radiata</b>	<b>Pinus sylvestris</b>	<b>Outras coníferas</b>
<b>2018</b>	Privada	5.896.323	1.525.542	1.679.407	86.679	237.248
	Pública	25.119	170.699	92.662	47.834	18.534
	Total	5.921.442	1.696.241	1.772.070	134.513	255.782
<b>2017</b>	Total	5.075.751	1.586.936	1.344.788	89.378	257.659

  

		<b>Frondosas caducifolias</b>	<b>Outras frondosas</b>	<b>TOTAL</b>
<b>2018</b>	Privada	275.556	17.669	9.716.4245
	Pública	127	122	355.100
	Total	275.683	17.791	10.071.525
<b>2017</b>	Total	223.529	20.110	8-598-152

Fonte: 2019 Xunta de Galiza. Anuario de Estatística Forestal de Galiza 2018. Axencia da industria Forestal. La Cadena Forestal-Madera de Galiza 2017.

Máis das dúas terceiras partes da superficie arborada galega esta ocupada por especies produtivas en explotación de crecemento rápido. Sorprendentemente, pódese dicir que Galiza representa da orde de 4-5% das masas produtivas do Estado pero, é aquí onde se corta entre 50 e 60% da produción madeireira (58% en 2015 e 54% en 2017). O número de cortas de madeira por ano alcanza 70-81.000 e algún ano a provincia de Lugo subministróu a cuarta parte de toda a madeira do Estado.

A maioría do monte arborado produtivo en madeira está con nula xestión forestal. Só están ordenadas 233.139 ha e podería considerarse que boa parte está en “abandono”, sen coidado, sen podas, sen entresacas, sen limpeza para que non arda... Este monte plántase e esquecese un del, esperando que non chegue aquí o lume e que veña o tempo para cortar e recoller o diñeiro que lle queiran dar pola madeira; se son eucaliptos vendelos aos 11-15 anos para a celulosa ao prezo que paguen, non existen repoboacións vellas de calidade que teñan 30 anos ou máis de eucaliptos. A falta de ordenación e silvicultura afecta tamén a coníferas e ao bosque autóctono e o bosque de ribeira.

*No Cadro IV pode verse a evolución das cortas de madeira en eucaliptos, coníferas e frondosas do país en diversos anos e diferentes fontes e a súa evolución. Cortas de madeira. 1989, 2015, 2017 e 2018. Metros cúbicos con codia.*

	Eucaliptos	Coníferas	Fronchosas e outros	Total
<b>1989</b>	1.670.000	4.800.000	115.000	6.585.000
<b>2015</b>	4.458.930	3.514.945	280.000	8.253.000
<b>2017</b> Fonte: Xunta Galiza	5.075.751	3.278.762	243.639	8.598.152
<b>2017</b> Fonte: Ministerio Agricultura	Eucaliptos e Fronchosas 5.685.867	3.912.391	---	9.602.258
<b>2018</b> Fonte: Xunta de Galiza	5.921.442	3.858.606	Fronchosas país 275.683	10.071.525

Fontes : Confemaderagalicia.es . Cadea de valor 2015. Total cortas no 2015. Plan Forestal 1992 (para 1989). Axencia da Industria forestal e Ministerio de Agricultura en Estatística Anual de corta de madeira para 2017. Anuario Estadístico Forestal de Galiza 2018 publicado en 2019.

## Galiza / Estado

Se analizamos as Estatísticas anuais de corta de madeira do Ministerio de Agricultura, Galiza ocupa dende hai tempo o primeiro posto no Estado pola produción de madeira. En 2017, dos 17,68 millóns de metros cúbicos de madeira con codia que se cortaban, 9,6 millóns eran galegos, o que representa o 54% do total. Castela e León cortaba nese ano 2,1 millóns de m<sup>3</sup>, Euskal Herria 2,0 millóns, Asturias 1,1 millón e as demais Comunidades Autónomas non chegan ao millón de m<sup>3</sup>. A produción de madeira no Estado nos últimos 25 anos mantívose estancada (salvo excepcións en tres ou catro anos) con cortas inferiores a 13 millóns de m<sup>3</sup> antes de 2011, e alcanza en 2013 os 15 millóns de m<sup>3</sup> e no último ano e con datos 2017 chega a 17,6 millóns de metros cúbicos. Pola contra, a produción en Galiza foi en aumento nos últimos 25 anos. Duplicouse, pasando de 4,4 millóns de m<sup>3</sup> no 1994 a 9,6 millóns en 2017 (8,6 millóns segundo a Xunta).

## Certificación forestal

A Xunta de Galiza pretendía en 2010 alcanzar para 2015 un total de 500.000 ha de monte produtivo certificado e de xestión responsábel e sustentábel. Por iso pretendía a dupla certificación para a totalidade dos Montes de Xestión Pública. Porén, a superficie certificada no ano 2015 ascendía só a 176.318 ha no sistema Pan-europeo de certificación PEFC (“Programme for the Endorsement of Forest Certification”) e 44.740 ha certificadas no sistema FSC (“Forest Stewardship Council”) pero tan só chegaron a representar 9,1% do Estado no PEFC e 18,1% no FSC. O número de instalacións con certificado en 2015 de cadea de custodia PEFC non chega a 300 dun total no Estado que supera as 1000.

2017. Existían 158.088 ha certificadas para PEFC e 66.374 ha para FSC, pero só representaban 7,2% e 16,2% da superficie forestal española certificada. Na cadea de custodia alcánzase cifras mellores na Galiza con 25,1% das certificadas por PEFC e o 20,7% das certificadas por FSC. Nese ano, a superficie ordenada do forestal na Galiza alcanza 226.528 ha, por suposto a gran maioría é de superficie privada. No Estado existen máis de 2 millóns de hectáreas certificadas e ordenadas. O forestal ordenado noutras Comunidades é moito maior: Nafarroa 58% do total, Catalunya 40%, Andalucía 28%, Castela-Mancha 22% ...

2018. Segundo o Anuario de Estatística Forestal de Galiza, (Xunta 2019), os montes ordenados só alcanzan 233.139 ha sendo comunais 88%. Desta superficie, a provincia de Lugo é a que ten a maior extensión ordenada (30,9%). A Axencia da Industria Forestal da Xunta na estratexia de formación da industria forestal 2018-2010 di: “A gran maioría do territorio explotado na Galiza carece de axeitado aproveitamento forestal baseado en modelos de silvicultura, o déficit de información, formación e profesionalización dos servizos de explotación forestal está a afectar a toda a cadea forestal”.

## **Leña**

A produción de leña no noso monte contrasta coa produción de madeira. Na maioría de países europeos, a leña significa entre 20 e 50 % do total das cortas, mentras que aquí, polo contrario, dáse prioridade absoluta á madeira fronte a outras posibilidades do monte arborado como a leña. Por exemplo producimos 20.320 toneladas no ano 2013 mentres no Estado se sacaban 1,7 millóns de toneladas, e algo similar ocorre nos últimos anos, con algunhas estimacións que se atreven a dar da orde do millón de m<sup>3</sup>/ano. No ano 2017, o Ministerio de Agricultura dá para Galiza a corta de 35.232 toneladas dun total na Península de 1.221.607 toneladas, o que representa menos do 3% do total. Situación inxustificable e moito máis se consideramos que o crecemento anual de leña na Galiza algúns anos representaba 11,7% do total de leñas con codia do Estado.

## **Grandes demandantes de madeira**

A fábrica de celulosa de Pontevedra Ence adquire madeira de eucalipto nun volume que oscila entre media anual de 2,2 millóns e 2,5 millóns de metros cúbicos. Ence estimaba antes da ampliación en Pontevedra que precisa para manter un subministro sostido de madeira dunhas 138.318 hectáreas de cultivo de eucalipto para producir 434.654 toneladas de pasta no ano 2017. Despois da ampliación do 2018 e 2019, nun volume global de 70.000 toneladas, as súas necesidades para autoabastecerse seguramente pasan por riba de 160.000 ha, polo que na actualidade a empresa de celulosa apúrase para xestionar cada vez máis superficie de eucalipto para garantir un mínimo subministro e “xogar” cos prezos. No ano 2017, a empresa xestionou segundo o seu “informe de sustentabilidade” 67.594 ha de masas forestais e 60% da superficie xestionada ten como uso a produción de madeira. Ademais, 68% da



superficie xestionada e propiedade de Ence, cando hai poucos anos atrás só alcanzaba a xestionar 10.000 ha, polo que ademais de ser unha fábrica de celulosa contaminante e problemática e un grande produtor de electricidade, e por se fose pouco, estase a converter agora nun activo xestor e notábel propietario de superficie forestal galega.

Tendo en conta que Ence ten dúas fábricas (Navia en Asturias e a de Pontevedra) que utilizan materia prima nomeadamente eucalipto, dos montes galegos, a extensión que require para abastecerse despois das ampliación de 150.000 toneladas de celulosa realizada recentemente nas dúas fábricas podería estar xa hoxe necesitando máis de 300.000 has de cultivo de eucalipto na Galiza, a metade do que ocupa hoxe.

A segunda maior demanda de madeira represéntana as fábricas de taboleiros e chapas, tanto da FINSA (catro fábricas, unha en cada Provincia) como doutras empresas como INTASA, UNEMSA, Tableros Hispanos,... que consumen en conxunto un volume de madeira próximo ao que precisa Ence, pero neste caso demandan moita máis madeira de coníferas (piñeiros) que de eucalipto.

*No Cadro VI temos unha serie histórica 1994-2018 de evolución das cortas de madeira. Destaca desde o principio da serie a baixa corta de madeira de frondosas do país, aínda sendo varias especies: carballo, castiñeiro, ameneiro, freixo, bidueiro... E mentres a final da serie se duplica o volume de cortas, seguen sendo ridículas comparadas co eucalipto ou con piñeiros. Cadro VI. Serie 1994-2018 Cortas de madeira. Galiza. Eucalipto, Coníferas, Frondosas e Total. (Millóns de m<sup>3</sup> con codia).*

	1994	1995	1996	1997	1998	1999	2000	2001	2002	2003	2004	2005
<b>Euc</b>	1,7	2,3	2,4	2,7	2,7	2,8	2,7	2,5	2,6	2,7	2,5	2,7
<b>Con</b>	2,5	3,1	3,3	3,6	2,9	3,0	2,9	2,4	2,0	3,2	2,6	2,7
<b>Fro</b>	0,13	0,12	0,15	0,13	0,12	0,12	0,16	0,19	0,17	0,22	0,23	0,4
<b>Totl</b>	4,4	5,6	5,8	6,5	5,9	5,9						6,8

	2006	2007	2008	2009	2010	2011	2012	2013	2014	2015	2017	2018
<b>Euc</b>	2,9	3,1	3,7	3,1	3,5	4,14	3,92	4,13	3,75	4,46	5,07	5,9
<b>Con</b>	3,4	3,6	3,9	2,9	3,1	3,38	3,36	3,42	3,46	3,51	3,28	3,8
<b>Fro</b>	0,3	0,35	0,41	0,18	0,22	0,23	0,34	0,26	0,26	0,28	0,24	0,27
<b>Totl</b>			7,9	6,2	6,9	7,76	7,52	7,8	7,47	8,25	8,59	10,0

\*Euc = Eucaliptos / Con = Coníferas / Fron = Frondosas autóctonas

## Madeira de frondosas autóctonas e os múltiples usos do bosque

O noso bosque autóctono proporciona menos de 300.000 metros cúbicos de madeira con codia/ano e vai descendendo (280.000 m<sup>3</sup> no ano 2015, 243.639 m<sup>3</sup> no 2017) dun total cortado de 8,59 millóns de m<sup>3</sup> no ano 2017. Cortamos 3-4% de madeira de frondosas autóctonas, mentres que 96-97% restante é madeira de piñeiro e eucalipto que reporta pouco máis de 300 millóns de euros/ano. As posibilidades da madeira e leña de caducifolias son grandes e teñen un maior valor comercial do que as repoboacións actuais. Na agricultura tradicional o aproveitamento multifuncional do monte era importante, a madeira é só un deles, e ofrece usos e aproveitamentos diversos. Vexamos só algún exemplo:

A madeira de calidade de nogueiras, cerdeiras, freixos... que moitas veces importamos pódese producir facilmente nos nosos montes. Se se inicia nos anos 70 a reforestación con caducifolias, podíanse estar xa empezando a cortar e o seu valor superaría amplamente as cortas actuais. A administración nin ten en conta a diversidade da produción do bosque autóctono, nin contempla as industrias potenciais destes produtos: A produción de castaña hoxe, cunha extensión mínima reporta da orde de 40 millóns de euros/ano; ou a produción do viñedo (26.000 ha) factura 180 millóns/ano, viñedo que compite pola superficie co *Eucalyptus globulus* en numerosos lugares preto da costa (Morrazo, Salnés, Barbanza, Baixo Miño...) e podía aumentar a súa superficie facilmente.

Ademais temos que contar a contribución económica, ecolóxica e social da apicultura, que supera os 10 millóns euros/ano en mel e outros produtos. Xa no ano 2013 contabamos con 109.744 colmeas que producían mel, cera, pole, própolis... E estaban dedicándose a este labor da orde de 3.800 persoas, aparte da gran importancia da apicultura na polinización dos cultivos agrarios (beneficios de 130 millóns), e no mantemento da biodiversidade e na variabilidade xenética... Outros produtos do monte son os cogomelos (10 millóns euros/ano), plantas medicinais, cereixas, noces, abelás... E se estivese ordenado o territorio, podíamos ter gando no monte hoxe a matogueira e aproveitar tamén o pasto en zonas arborada e devesas (arborado máis ou menos ralo con pasto), para si obter un gando inigualábel pola calidade da súa carne (bovino, porcino, ovino, cabalar...) con mínimo esforzo e baixo ou mínimo custo.



# Industria da madeira, consumos e valor

2017. Segundo a Axencia da Industria Forestal, cortáanse con destino á industria 8.598.152 metros cúbicos de madeira con codia (35 empresas cortan o 60%). Deles algo, máis de 7 millóns de m<sup>3</sup> utilízanse aquí para procesos industriais nos serradoiros, fábricas de taboleiros, fábrica de pasta de celulosa de Ence e procesos de transformación secundario como papel e cartón. Da orde de 1-1,5 millóns de m<sup>3</sup> non poden aproveitarse industrialmente.

2018. Despois de cortar máis de 10 millóns de metros cúbicos de madeira, tan só transformamos industrialmente 87% da madeira que se corta, a transformación industrial recaeu na madeira serrada en 36%, nas fábricas de taboleiros en 31% e na fábrica de celulosa en 31-33%, situación moi semellante a media do período 1992-2013 (segundo a Xunta de Galiza na 1ª Revisión do PFG, 2016 co destino seguinte: 35% serrado incluída a construción de travesas; 30,3% madeira destinada a taboleiro e chapa e 32,4% pasta de papel).

O consumo de madeira na industria non foi capaz de medrar nin aproximarse ao mesmo ritmo que medraron as cortas de madeira. A industria de serrado, taboleiros e pasta no ano 1989 utilizaba 5,8 millóns de m<sup>3</sup> de madeira dos 6,58 m<sup>3</sup> de madeira cortada (unha diferenza de 780.000 m<sup>3</sup> e no ano 2017 utiliza da orde de 7- 7,2 millóns de m<sup>3</sup> de 9,6 millóns cortados (unha diferenza de 2.4 millóns segundo o Ministerio ou 1.390.000 m<sup>3</sup> segundo a Xunta).

Nos últimos anos sae de Galiza 75% da madeira serrada, 67% dos taboleiros e chapas e 99% da pasta de celulosa de Ence. A exportación de madeira vai en aumento: Se antes do 2015 representaba menos de 10%, nos últimos anos, pode estar bastante por riba dese valor e incluso superar 15% (dependendo das fontes, Xunta ou Ministerio). De aí que o tráfico marítimo de produtos

da madeira e derivados como pasta, taboleiros... mova cifras importantes, en 2015 xa eran 1,6 millóns de toneladas entre madeira e outros elaborados e participaban no embarque oito portos (Marín, Ribadeo, Vigo, Ferrol-San Cibrao, Vilagarcía, A Coruña, Cee e Laxe), e dende ese ano a cifra foi en aumento mesmo en 2018 abriron novo mercado en Asia e no porto exterior de Ferrol nun só barco cargaron 35.000 toneladas de coníferas para China, cargamento que non foi o único ao longo do ano.

En total, contabilízanse no noso país da orde de 1.382 empresas da madeira e do móbel (envases, taboleiros, chapas, celulosa, papel, móbeis de cociña e oficina...) e aumenta o número a máis de 1.800 se contamos as empresas relacionadas cos servizos forestais, silvícolas e aproveitamento do monte. Outras comunidades que cortan moita menos madeira que Galiza como Catalunya, Andalucía, Comunitat Valenciana, Madrid, supérannos en número de empresas da madeira e por enriba de todo do móbel.

## **Primeira transformación da madeira**

1. Os serradoiros utilizan da orde de 2,7 millóns de m<sup>3</sup> e deles aproximadamente 83% son madeira de coníferas e 9% eucalipto o resto 8% frondosas do país. Producen 1,81 millóns de m<sup>3</sup> de madeira serrada (ver Cadro VII). Foron perdendo en importancia, xa que no ano 1989 utilizaban 3,89 millóns de m<sup>3</sup> e nese ano os piñeiro e as frondosas do país tiñan moito máis peso porcentual. Os residuos dos serradoiros (serraduras, codia, restos de madeira que poden triturar, etc.) que antes apenas se utilizaban, teñen agora aplicación na fabricación de “pellets” (aglomerado de madeira) e briquetas para estufas e caldeiras de calefacción. Funcionan fábricas de “pellets” en diversas zonas (As Pontes, Brión...) que poden chegar a 150.000 toneladas de produtos/ano e a facturación e exportación vai en aumento.

2. As fábricas de taboleiros (41% taboleiros de partículas; 56% taboleiros MDF; 2% fibra duro; 2% contrachapado, chapa e outros), utilizan 2,3 millóns de metros cúbicos de madeira, principalmente coníferas e, en moita menor medida, eucaliptos e, menos aínda, frondosas autóctonas. Producen 1,67 millóns de m<sup>3</sup> de taboleiros e chapa. Aproveitan 650.000 t de subprodutos dos serradoiros e reciclan 60.000 t propias.

As sete ou oito grandes fábricas de taboleiros instaladas en Galiza, algunhas delas que xeran ao mesmo tempo electricidade son tamén importantes emi-

oras de contaminantes a atmosfera, aparte de vertidos a auga e emiten compostos químicos problemáticos para á saúde (naftaleno, benceno...) e ambiente.

3. A fábrica de pasta de papel de Ence, na súa Declaración Ambiental do ano 2018 afirma que ten un consumo de madeira de eucalipto sen codia de 1.366.580 toneladas (3,12 t madeira/t pasta) e produce 437.505 toneladas de pasta cando nos anos 70 producía 30.000 t/ano de pasta a partir de coníferas. No PRTR, Rexistro Estatal de Emisións Contaminantes, a empresa non ofrece os consumos de madeira e outras materias primas, mentres que a maioría das empresas se o fan. A demanda estimada de madeira desta fábrica en metros cúbicos (tendo en conta a densidade da madeira de eucalipto, e que o consumo que cita a fábrica é madeira sin codia) estará por riba dos dous millóns de m<sup>3</sup>. Na actualidade o consumo está a subir dada a ampliación que levaron a cabo para producir 70.000 toneladas máis de celulosa, en 2020 pódese estimar que superan facilmente os 2,2 millóns de metros cúbicos de madeira.

Ence Pontevedra ten beneficios anuais que superan varias decenas de millóns de euros (o Grupo presenta beneficios antes de impostos de 173 millóns e consolidado 131 millóns), e no ano 2018 recibiu cuantiosas subvencións dos organismos públicos entre elas 2,9 millóns de euros do IGAPE, Xunta de Galiza e 96.000 euros do INEGA... similares en cantidade aos que recibira o ano anterior (segundo consta no seu Informe de Contas anuais 2018).

A industria Ence altamente contaminante, e entre as dez primeiras contaminantes de Galiza, foi condenada no ano 2002 pola Audiencia Provincial de Pontevedra (condena a seis dos nove directivos) por un delito ecolóxico continuado de incumprimento sistemático da lexislación ambiental sobre vertidos e emisións atmosféricas. A sanción foi duns meses de arrestro para algúns directivos (que non se respectan) e obrigou a pagar unha pequena multa a Xunta.

Ao finalizar a concesión anos atrás, aínda que o Regulamento Xeral da Lei de Costas di que o Goberno non pode prorrogar unha concesión de dominio público cando esta ten aberto un expediente de caducidade (caso no que se atopaba Ence), isto non foi obstáculo para que un Goberno provisorio (do PP con Rajoy, e unha Avogacia do Estado que o confirmaría logo) decidise prorrogar ate o ano 2.073 a concesión contra a que presentaron tres deman-

das na Audiencia, hoxe aínda pendente algunha. Quizá a explicación da concesión esté nas boas relacións PP-Ence, por exemplo un ex Conselleiro de Medio Ambiente (Xunta) e unha ex Ministra de Medio Ambiente séntanse no Consello de Administración do Grupo Ence e mesmo membros da dirección da empresa teñen relación familiar con altos cargos da Xunta.

Máis tarde, en 2.018 a Avogacia do Estado cambiaría de posición e defende que a concesión non pode entenderse máis alá de 75 anos. En marzo de 2019, Ence en comunicación á CNMV (Comisión Nacional do Mercado de Valores), cuantifica que, no peor escenario posíbel, cifraba en 185 millóns o impacto do “improbábel” peche da súa fábrica de Pontevedra e destes 74 millóns terían un impacto en caixa (43 millóns para desmantelamento, 16 millóns en cancelación contratos e 15 millóns en expediente regulación de emprego e extinción total).

*No Cadro VII pode verse o consumo de madeira segundo fontes oficiais na primeira transformación da madeira, en serradoiros, fábricas de tableiros e chapas e fábrica de pasta de papel. Cadro VII. Consumo e Produción na primeira transformación da madeira na Galiza.*

		Serradoiros	Tableiros e Chapa	Pasta para papel	Total
<b>Ano 2015</b>	Consumo de madeira. m <sup>3</sup> cc	2.770.000	2.200.000	2.2-2.500.000	7.47 millóns m <sup>3</sup>
	Produción m <sup>3</sup>	1.600.000	1.590.000	429.000 TAD	8,25 millóns m <sup>3</sup>
<b>Ano 2017</b>	Consumo de madeira. m <sup>3</sup> cc	2.743.900	2.310.000	2.2-2.500.000	7.25 millóns m <sup>3</sup>
	Produción m <sup>3</sup>	1.812.000	1.670.075	434.654 TAD	8,59 millóns m <sup>3</sup>

Fonte: Elaboración propia a partir de : ConfemaderaGalicia.es. Ence. Elaboración propia. XERA (2018) La cadena Forestal-madera en Galicia 2017. Axencia Galega da Industria Forestal. \* A cifra de Confemadera non coincide exactamente co Informe de Sustentabilidade Ence 2017 que da consumos de 1.381-317 toneladas que representaría case 2 millóns de m3 de madeiran tendo en conta a densidade do *Eucaliptus globulus*, a falta de codia e humidade. Na Declaración Medioambiental de Ence Pontevedra 2018 dá a cifra de 1.366.580 toneladas.

## Segunda transformación da madeira

Comprende a fabricación de envases e embalaxes, carpintaría e ebanistaría, mobiliario e obxectos da madeira, fabricación de papel e transformación de cartón... Tan só transformamos dentro de Galiza 25% da madeira que se

serra, 33% dos taboleiros e chapas e menos de 1% da pasta de celulosa de Ence. Dentro da segunda transformación da madeira temos empresas como a Papeleira de Brandía en Santiago, que produce papel dende 1810 e que no 2018 xeraba 31.000 toneladas de papel (informe PRTR), papel kraft branco MG satinado apto para contacto alimentario e que serve para bolsas e embalaxes. O seu consumo en pasta é de pouco máis de 30.000 t de fibra longa, curta e recortes.

Temos algunhas industrias pequenas e medianas de manipulación, transformación e elaboración de papel e cartón para usos doméstico, hixiénico ou sanitario como por exemplo, a empresa con 25 anos de antigüidade instalada en Pontearreas. Outras fabrican e/ou distribúen bolsas de papel e embalaxes de cartón e produtos derivados da celulosa (algunhas con sede en Lugo...) e mesmo algunhas xa están exportando a Portugal e outros países.

Na segunda transformación está a industria de carpintaría e ebanistaría que tiña na Estrada e en Sarria os principais referentes. A Estrada segue sendo aínda un referente a nivel galego. Despois da Guerra Civil, os serradoiros e a industria utilizaba a madeira de frondosas autóctonas dos montes da comarca e das ribeiras dos ríos: carballo, castiñeiro, bidueiro, salgueiro, ameneiro, freixo, nogueira, cerdeira, buxo... e a industria do móbel chegou a ter 12% da poboación ocupada do Concello. Pero a partir dos anos 60 nótase a falta de madeira destas árbores, a inexistencia de repoboacións de autóctonas, a falta de apoio da administración e a crise posterior provocou que as industrias da comarca (e antes os serradoiros) que traballaban con madeiras nobres, acaban necesitando importar madeira de calidade, moitas delas incapaces de competir e modificar a súa estrutura vense obrigados a pechar.

Hoxe temos na Estrada contados e destacados fabricantes de móbles da casa, oficina, cociña... solicitados para amoblar tendas de fábricas téxtiles internacionais ou hoteis de máxima categoría, e mesmo para traballar na carpintaría de ribeira no interior de barcos de recreo ou luxo, marcas con prestixio e fabricantes recoñecidos polo "bo facer" que xa teñen aberto mercado na Península e no estranxeiro. Algo similar sucedeu noutras comarcas ou vilas como en Sarria aínda que as fábricas non destaquen tanto e non alcancen o nivel da Estrada.

A transformación dos produtos é básico e a segunda transformación da madeira implica industrias relativamente pouco contaminantes, menos inten-



sivas en auga e electricidade. Xeralmente producen menos residuos, pero o que é máis importante, xeran maior emprego e traen un maior valor engadido; son as empresas que desexan e cobizan en calquera lugar. Sendo Galiza unha potencia forestal, porén outras comunidades como Catalunya e a Comunitat Valenciana teñen máis peso en fabricación de móbeis e ebanistería, estas dúas Comunidades totalizan a metade das exportacións de móbeis do Estado e Castela-A Mancha ten un maior número de fábricas de móbeis que Galiza. Outras zonas como Murcia, Euskal Herria e Castela-León mesmo aproxímanse en número de fábricas de móbeis ao noso país, sen que se poda comparar a produción madeireira. Ademais, representamos só o 8,1% do total de traballadores en alta na Seguridade Social no sector da madeira e do móbel (ano 2015).

*No Cadro VIII observamos a baixa capacidade industrial para absorber os produtos que se transforman na Galiza e a necesidade de exportalos cando se podían transformar aquí e xerar valor engadido. Cadro VIII. Produtos da primeira transformación utilizados na Galiza para a segunda transformación.*

	<b>Madeira serrada que se vai utilizar para a segunda transformación na Galiza</b>	<b>Taboleiros e chapas que se utilizaran para a segunda transformación</b>	<b>Pasta de papel para transformar na Galiza</b>
<b>2015</b>	20%	30%	Menos de 1
<b>2017</b>	25%	33%	Menos de 1%
<b>2017</b>	Exportarase 75%	Exportarase 67%	Exportarase 99%

Fonte: Elaboración propia a partir de Confemadera Galicia.es.

## **Producción industrial Galiza/Estado**

No ano, 2016 a Xunta de Galiza na 1ª Revisión do Plan Forestal, dá as seguintes cifras con relación a produción industrial de Galiza con relación ao Estado:

Producimos 45% da madeira en rolo estatal (4,5% da madeira en rolo da UE), 43% da madeira serrada, ademais de 33% dos taboleiros e 35% da pasta de papel e 8% da industria do móbel. Esta situación non é nova, pois a Lei de Montes 7/2012 da Xunta de Galiza, vixente dende agosto de 2012, cita que Galiza con relación ao Estado produce 40% da madeira serrada, 60% dos tab-

oleiros e 20% da produción de pasta de papel, pero a porcentaxe da produción de móbeis nin se cita (ao ser insignificante?). A situación no período 2016-20 pode ser moi similar en porcentaxes á do ano 2016.

Os datos indican que Galiza está especializada na produción de produtos intermedios: madeira, taboleiros, pasta de papel, etc. Pero, ao non ter unha notábel industria de carpintaría, móbeis, fabricación de papel, artes gráficas... perdemos a posibilidade de moitos postos de traballo e valor engadido. Danse paradoxos curiosos. Por exemplo, e como anécdota, observamos que os nosos paseos de madeira a beira do mar, nas praias e dunas, paseos fluviais, peiraos de amarre de barcos, casetas de “quita e pon” nas festas ou as instaladas de “chiringuitos” nas praias, parques infantís das vilas e cidades... todos locen madeira tratada e importada dos países nórdicos ou de Europa central. Ningún destes elementos ten madeira galega, cando podíamos realizar as mesmas obras con madeiras dos nosos montes, aínda que fose de coníferas ou eucalipto tratado. Dependemos da industria do exterior, en vez de producir aquí e mesmo estamos potencialmente capacitados para ser exportadores (se o Goberno quixese).

O mesmo podíamos dicir da pouca madeira empregada na rehabilitación de vivendas ou na nova construción, incluso nas vivendas prefabricadas de madeira. E noutros moitos usos, a madeira galega podía estar nos illamentos, na sinalización vertical das estradas, nos quitamedos, rótulos... A falta de apoio da administración á nosa industria da segunda transformación, e especialmente da carpintaría e móbel, contrasta coas facilidades e apoios que brindan para asentarse aquí a grandes superficies e coñecidas marcas multinacionais que venden en competición cos nosos produtos ou quizá impedindo o noso despegamento industrial. Os móbeis e mobiliario montábel da casa e oficinas procedentes de madeira allea de fábricas con sede e orixe no norte de Europa compite cos nosos produtos.

O dispendio enerxético da industria da madeira tamén é importante e constante. No ano 2012, a Consellaría de Economía e Industria, a través do Instituto Enerxético de Galiza (INEGA) daba a coñecer as conclusións dun estudo sobre 20 empresas representativas da industria da primeira e segunda transformación da madeira, onde se afirma que as posibilidades de aforro enerxético medio da industria da madeira alcanza 15% no consumo total das empresas, o que se traduce nun aforro económico de 20% dos custos da enerxía.

## Valor

No ano 2018, a venda da madeira no monte ou as cortas en orixe representan pouco máis de 300 millóns de euros, repartidas entre aproximadamente 70.000 propietarios. As Comunidades de Montes Veciñais en Man Común que respectan as súas obrigas administrativas (60% do total) comunicaron á administración que ingresaron pola madeira 59,8 millóns de euros.

Os rematantes (que compran madeira, cortan, preparan, clasifican e realiza traballos administrativos) facturan 462 millóns de euros.

- O valor do serrado alcanza 384 millóns.
- O sector do taboleiro e pasta de papel factura 1.043 millóns de euros (dous anos antes facturaba 825).
- As industrias da segunda transformación facturan 405 millóns en carpintaría, móbeis... cifra que aproximadamente diminuíu até a metade dende o ano 2007.

No ano 2018, a industria da madeira e móbel facturou en total 2.300 millóns (1.941 millóns de euros e en 2015). Destaca dentro da cadea o baixo valor da industria da segunda transformación comparado coa primeira transformación. Na cadea forestal madeira, o sector forestal está relacionado con moitas actividades e subsectores da economía: transporte, enerxía, maquinaria, produtos químicos, equipamento, reparación, silvicultura, servizos forestais, seguros...

*No Cadro IX vemos a facturación en diversos subsectores. Destaca o baixo valor da segunda transformación comparado co serrado e taboleiros-pasta. A industria da segunda transformación é a menos contaminante, a que dá máis postos de traballo e a que ten máis valor engadido. Cadro IX. 2018. Facturación da cadea Forestal Madeira por subsectores. (Millóns de euros).*

Rematantes	1ª transformación		2ª transformación	Total
	Serrado	Taboleiros e pasta	Carpintaría, móbeis...	
462	384	1.043	405	2.300

Fonte: Axencia da Industria Forestal. Xunta Galiza 2019.

## Exportación

Galiza ocupa na actualidade a terceira posición do Estado por exportación de madeira ou produtos derivados dela.

No ano 2015, exportamos 1,6 millóns de toneladas de madeira e produtos industriais por un valor de 768,1 millóns de euros. Oito portos canalizaban as exportacións en dirección a Portugal, Francia, Reino Unido, Países Baixos, Marrocos, Italia, Estados Unidos, Irlanda... A exportación de madeira en bruto representaba 71,3 millóns de euros, taboleiros 222,6 millóns, pasta de papel 189,2 millóns de euros e móbeis 173 millóns. Ao mesmo tempo, importamos produtos forestais e madeira de calidade (caducifolias) que podíamos estar producindo aquí para fabricar móbeis por valor de 262 millóns de euros como sucedeu en 2015. A necesidade de madeira de árbores nobres é grande en carpintaría, ebanistaría...

No ano 2017, as exportacións de madeira e manufacturas superaron os 800 millóns de euros. Os produtos máis exportados foron as manufacturas de madeira (nun 37%), seguidos de mobiliario (27%), pasta de papel (25%) e madeira en rolo e serrada (11%).

No 2018, e segundo a Axencia da Industria Forestal (2019) da Xunta de Galiza, somos a novena potencia forestal a nivel europeo e 47 países europeos recibiron produtos da cadea Forestal-Madeira de Galiza, sendo os principais clientes Portugal (194 millóns de euros, o que representa 27% do total), Francia (94,5 millóns, 13% do total) e Alemaña (80 millóns, 11% do total). Por sectores, a exportación de madeira supuxo case 87 millóns de euros, as manufacturas de madeira (taboleiros) 235 millóns, e pasta de papel 233 millóns e móbeis 145 millóns. Neste ano, o espazo xeográfico europeo recibía 79% das exportacións totais do sector e dentro del a zona Euro recibía 58% das exportacións galegas, cando no ano 2000 chegaban a 74%. As exportacións a Inglaterra supuxeron 7% do total centradas en taboleiros e móbeis.

## Industria ligada a caducifolias

No caso dos carballos, a súa madeira é moi cobizada en construción, ebanistaría... Nos últimos anos fábricas de whisky escocés (“The Macallan” de Speyside) e whisky irlandés (“Irish Distillers” con sede en Cork) interesáronse polos carballos galegos que dan unhas excelentes propiedades ao whisky que venden (de alta

gama) e algún ano xa adquiriron no primeiro caso 20.000 árbores centenarios dos bosques de Pedrafita e Terra Chá e no segundo 10.000 árbores, todos escollidos e de certo diámetro. No proceso intervén un serradoiro de Baralla que prepara madeira de carballo e doutras madeiras para facer barricas para o mercado estranxeiro. A madeira rica en taninos, envíase a “Jerez de la Frontera” onde rematan o traballo preparando as barricas (e enchéndooas con xerez que permanece un ano na barrica) antes de enviala ao estranxeiro. O carballo galego compite con madeiras de calidade francesas ou americanas neste campo.

No caso do castiñeiro, contamos con máis de 100 variedades de castaña moitas aínda sen catalogar, adaptadas aos diferentes microclimas da nosa xeografía. No ano 2016, estaban catalogadas 81 variedades, algunhas delas xa na industria para fabricación de “marrón glacé”. En castaño de froito, contamos aproximadamente con 38.000 ha produtivas, aínda que a superficie sexa maior. A produción de castañas na Galiza oscila entre 15 e 25 millóns de kg/ano cun valor que supera os 30-40 millóns de euros. Normalmente, unha árbore produce 30-55 kg de castañas/ano e nunha superficie dunha ha aos 15 anos (conséguese que empecen a producir aos 4-5 anos) xa pode producir 6.000 kg/ano. O prezo da castañas oscila entre 0,80 euros/kg ate 2-2,5 euros a de mellor calidade e págase incluso máis a de cedo, polo que a rendibilidade media ben explotado un souto pode oscilar entre 5-7.000 euros/ha/ano moi superior á rendibilidade da madeira de eucaliptos e piñeiros. Máis de 60 países comen castañas galegas que exportamos directamente e produtos transformados e elaborados. A castaña comercialízase en fresco, secas e de moitas formas: pelada, conxelada, cociñada...

Na alimentación do gando, a castaña ten cada vez máis importancia. Antigamente, alimentábase os porcos algunha época do ano con castañas. No ano 2012, a empresa cooperativa COREN iniciou a alimentación de porcino das súas granxas engadindo castañas: no ano 2015 necesitou 1.000 toneladas de castaña, con excelente resultado; no ano 2018 a demanda chegou a 4.500 toneladas (máis de 7 millóns de euros) e ante o éxito do produto en 2020 as necesidades da empresa en castañas serán maiores. A rendibilidade do castiñeiro é evidente. Mesmo a empresa “Sobrado Forestal” sociedade participada por “Pontegadea” investu 1,2 millóns de euros para plantacións de castiñeiro en Sobrado dos Monxes (segundo información de prensa). Ademais, se se plantan micorrizados, aos 8 anos os castiñeiros poden estar producindo 200 kg de cogomelos, boletos, e 2000 kg de castañas e uns anos despois alcanzan 250 kg de boletos e 3000 kg de castañas. Nin que dicir ten que os cogomelos teñen un prezo moi superior ao da castaña.

# Incendios Forestais

Estamos á cabeza do Estado Español en número de lumes e por superficie afectada:

- 2015. Arden máis de 11.000 hectáreas, Galiza representaba 24,22% do total de incendios/conatos de incendios e 12,57% da superficie queimada do Estado (MAGRAMA).
- 2016. Quéimase unha superficie case o duplo que o ano anterior, (21.533 ha), que representa máis da terceira parte do total do Estado.
- 2017. Aumenta a superficie arrasada polos incendios, foron 62.096 ha e delas máis da metade da superficie arborada.
- 2018. Arden 2.636 ha, unha das superficies máis baixas dos últimos 20 anos.
- 2019. Á falta de datos oficiais, SABEMOS que volveu aumentar a superficie queimada.

Os incendios ocasiónnanos enormes perdas económicas e gastos sociais, contaminación atmosférica, danos nos ecosistemas, tanto na parte viva como non viva (ciclo da auga), e mesmo causa a perda de vidas humanas e propiedades. Só no capítulo de perdas económicas asociados aos danos ocasionados, un dos poucos estudos referido ao ano 2006, con estimacións de economistas, dan perdas que oscilan entre os 211 millóns de euros se se consideran os danos a curto prazo ou 582 millóns de euros se se ten en conta o longo prazo. O ano 2006 foi un ano excepcional ao arder case 96.000 ha. Estas cifras para outros anos serán bastante inferiores, pero aínda así moi considerábeis.

Alto custo económico e fracaso do Pladiga. Os plan de reducir incendios e apagar os lumes que elabora a Xunta anualmente (Pladiga), non parece que sirvan na realidade. Por poñer algún exemplo, citemos o ano 2016 cando se fixaran como

obxectivo non superar os 700 incendios e en realidade triplicáronse (2.354 lumes segundo a Xunta e 2.400 segundo o Ministerio de Agricultura), e todo despois de se mobilizaren a 7.000 persoas (achegados polo executivo galego, exercito, Ministerio e outras administracións). Tiña tamén como recursos 360 motobombas, 30 medios aéreos (10 avións e 20 helicópteros), 19 vehículos terrestres (pas escavadoras e vehículos de urxencia...). Por se fose pouco, delimitáanse 67 parroquias de alta actividade incendiaria eponse en marcha un novo sistema dixital de comunicación e un programa informático de xestión integral de incendios en tempo real. Todo isto para nada ou para ben pouco, pois arderon máis de 21.000 ha, e delas case 9.000 ha arboradas.

O plan de prevención e contra os incendios forestais conta normalmente con partidas que nos últimos anos estaban comprendidas entre 170-180 millóns de euros/ano. En 2016, os gastos de promoción, valorización, prevención, infraestruturas e extinción da Xunta de Galiza estaban orzamentados en 100 millóns de euros e os gastos de ordenación da produción forestal estaban orzamentados en 72,5 millóns de euros. Sorpende que o orzamento dedicado á extinción sexa maior que o dedicado á prevención (en 2015, 69,45% do orzamento era para extinción, e no ano 2014 fora de 66,51%). Dos 820 millóns orzamentados para o período 2008-2012, 66,4% foron a parar na prevención e extinción de incendios e 33,5% en políticas de desenrolo forestal. Algo similar ocorreu en calquera ano dos últimos vinte e contrasta coas previsións de Plan Forestal do 1992 da Xunta, onde pretendía destinar máis de 80% da investimento para políticas de desenvolvemento forestal.

O custo da loita contra o lume recae en todos os cidadáns. Pola contra, a contribución das grandes empresas que se benefician da política forestal (Ence, Finsa...) é nula ou moi baixa. No caso da empresa privada de celulosa Ence (máxima beneficiada) só gastaba a mediados da década que rematou na prevención de incendios entre 600.000 euros e 1,2 millóns de euros (na extensión que xestiona), cando, como antes vimos, precisa ter a súa disposición so para a celulosa de Pontevedra unha superficie superior a 138.000 has de cultivo de eucalipto para manter unha subministración sostida. O resto das industrias relacionadas co forestal, en concreto as fábricas de taboleiros e chapas, non parece que fagan ningunha contribución particular para este tema, cando son igualmente beneficiarias da política forestal.

A prevención é fundamental. Sirva como exemplo o incendio nos montes de Carnota en 2013 para darnos conta da súa importancia. A asociación "Monte Pindo"

solicitou da administración información sobre o incendio de 2.300 ha nunha zona catalogada de Rede Natura 2000. Despois dunha espera de ano e tres meses, recibe as cifras e datos e chega á conclusión de que o gasto en extinción do lume foi catorce veces superior ao realizado en prevención, aínda sen que se considerasen indemnizacións a veciños por perdas e danos nas súas propiedades. Da información da administración, destacaron as cifras relevantes dos contratos con empresas privadas que se aproximan a 25% do total desembolsado.

A loita contra os incendios debe centrarse en especial na prevención. Non existe un plan alternativo de prevención de incendios que contemple o aumento de introdución de gando ovino, caprino, bovino ou equino, especialmente na matogueira que é o que máis arde (curiosamente). Tampouco se responsabilizan os donos da propiedade onde se asentan as repoboacións da limpeza dos piñeirais e eucaliptais, nin que sexan garantes de os cuidaren para que non ardan. A administración nunca sanciona se os montes comunais ou particulares non están limpos e coidados para evitar o risco de incendio. Tampouco se contempla o cambio de especies a caducifolias que crean un ambiente menos propenso ao lume. Nin se lle ocorre establecer por parte da Xunta un imposto verde, tanto para a corta de madeira como para determinadas especies forestais como o eucaliptos, imposto que levaría a que o recadado se investise no medio ambiente, na prevención e na loita contra os incendios. O problema dos incendios tende a agravarse no futuro ante períodos agudos de seca polo cambio climático.

Por outro lado, os incendios favorecen a instalación de novas masas de eucaliptos. Esta planta pirofítica arde con facilidade, dado que é unha especie moi inflamábel e combustíbel, que é capaz de brotar despois de pasar o lume e atopa tamén un medio idóneo nas cinzas para que broten os millares de sementes que chegan ao solo das árbores non afectadas ou próximas. Así, lentamente en zonas de matogueira ou en piñeirais calcinados atopamos ao pouco tempo do incendio millares de plántulas de eucalipto que, tratadas convenientemente (xa que son inmanexábeis pola densidade) serven para produción nova de arborado e madeira. Entre as estratexias do eucalipto co lume atópanse, ademais da boa xerminación das sementes os rebrotes das xemas axilares latentes ou adventicias que se activan no talo despois de pasar o incendio e das xemas latentes subterráneas das raíces no “lignotuber” ou avultamento, que rebrotan rapidamente tras o incendio, xa que teñen reservas para poder facelo.

A loita contra os incendios non consiste en que, ano tras ano, vexamos máis helicópteros, avións, motobombas... Isto só é mercado e propaganda. Necesi-



tamos unha nova política forestal que faga fronte eficazmente aos incendios e que actúe fundamentalmente na prevención de múltiples formas. Pero a Administración segue ano tras ano na mesma rutina e con baixo interese e falta de vontade para exisirlle aos propietarios do monte o que está escrito nas súas Ordenanzas, Normas ou Leis no referente diversos aspectos: distancias de plantación a parcelas estremeiras, vivendas, estradas, limpeza do monte, devasas idóneas, cortas adecuadas, aplicacións da lei de avaliación ambiental, rexistro de masas autóctonas...

*No Cadro X (na seguinte páxina) obsérvase unha serie temporal 1969-2018 de incendios forestais, que evidencian que a loita contra os incendios foi bastante fracaso. Falta que algúns estudos económicos cuantifiquen anualmente as perdas. Non están datos do 2019 (sen publicara aínda), pero o Ministerio de Agricultura deu para o Estado cifras provisionais que superan amplamente o número de incendios e multiplica por máis de tres a superficie queimada do 2018. En marzo de 2019 e nunha semana na Galiza déronse 20 incendios e 1.350 ha queimadas e en xullo en Lugo nun só incendio ardían 140 ha. Cadro X. Número de Incendios por Provincias e superficie afectada (ha).2001-2016.*

Fonte: MAGRAMA e Xunta. Los incendios forestais en España varios años. Para series agrupadas R. Varela 1990. Eucaliptos, Celulosas e o Forestal galego. Elaboración propia. Ministerio Agricultura.

\* Especie máis afectadas P. pinaster con 4.61,82 ha , séguelle E. globulus con 1.404,96 has, sendo intencionados 77,48%

\*\* Especie máis afectada P. pinaster con 1.757,81 ha, séguelle E. globulus con 1.038,86 Has, sendo 76,4% intencionados

\*\*\* Especie máis afectada P. pinaster 1.557,81 ha, Eucalipto 1.38,86 e 71,66 % intencionalidade

	Número de incendios					Superficie quemada ha		
	A Coruña	Lugo	Ourense	Pontevedra	Total Galiza	Arborada	Total Forestal quemada	Superficie non forestal
<b>1969-1978</b>					14.220	219.325	426.599	
<b>1979-1988</b>					31.884	230.585	545.451	
<b>2001-2010</b>					72.423	111.831	278.604	
<b>2011-2018</b>					24.911	81.701	177.488	
<b>2001</b>	2.640	945	3.559	2.841	9.985	4.014,3	18.353,6	471,4
<b>2002</b>	2.326	1.275	3.896	3.276	10.773	7.578,4	26.125,2	198,0
<b>2003</b>	1.921	1.609	2.695	2.338	8.553	4.946,0	19.819,7	166,8
<b>2004</b>	2.993	1.043	3.348	3.234	10.618	10.128,1	21.970,3	1.870,1
<b>2005</b>	2.641	1.141	4.292	3.899	11.973	22.131,5	57.452,2	1.538,9
<b>2006</b>	2.387	897	1.613	2.099	6.996	55.532,8	95.947,4	1.587,7
<b>2007</b>	557	350	1.465	785	3.157	1.190,9	7.051,1	9,9
<b>2008</b>	366	292	1.348	540	2.546	998,2	6.335,8	73,5
<b>2009</b>	738	510	1.794	928	3.970	2.277,0	10.741,3	212,3
<b>2010</b>	925	471	1.416	1.040	3.852	3.034,0	14.807,3	38,0
<b>2011*</b>	1.177	1.040	2.609	1.516	6.342	9.270	42.390,2	
<b>2012**</b>	741	668	1.525	860	3.794	5.038,7	15.598,2	--
<b>2013***</b>	883	523	1.227	948	3.581	7.747,4	19.775,8	
<b>2014</b>	312	250	453	212	1.227	506,9	2.005,8	
<b>2015</b>	629	449	1.207	597	2.882	4.490,68	11.802,16	
<b>2016</b>	597	361	805	637	2.400 <sup>^</sup>	8.846,7	21.533,7	
<b>2017</b>	614	637	1.385	613	3.249 <sup>^</sup>	32.267,5	62.096,2	
<b>2018</b>	378	198	518	342	1.436 <sup>^</sup>	739,6	2.636,4	



# Plan de expansión do eucalipto

Como se pode explicar a expansión do Eucalipto?. Temos máis superficie dedicada a eucaliptos que superficie dedicada ao noso bosque clímax formado por diversas especies caducifolias. O Plan Forestal Galego elaborado pola Xunta de Galiza en 1992 para 40 anos, cando se revisou despois de 25 anos, viuse que os eucaliptos alcanzaban xa máis extensión do esperado, superando en 2016 a extensión prevista ao final do Plan en 2032. Eran 40.000 ha máis de eucalipto das esperadas en masas puras e 190.000 ha en masas mesturas. Daquela a hoxe, a situación agravouse.

As razón son varias: axudas económicas e continuadas das Administracións europeas, españolas e galegas; lexislación feita a medida; permisividade e relaxación de normas e leis; incendios forestais reiterados, provocados (sen responsábeis nin castigos); invasión ou plantacións ilegais e consentidas de eucalipto en zonas agrícolas, pradarias, matogueiras, próximas a bosque autóctono que o invaden co tempo; falta de plántulas de especies autóctonas e alto prezo destas que non poden competir en viveiro...

## 1. Axudas económicas das administracións

As axudas económicas as forestacións e repoboación de eucaliptos e coníferas foron xenerosas, rápidas e constantes no tempo. A Comunidade Europea, deficitaria en madeira, estivo moi interesada na Galiza dende o primeiro momento en potenciar as repoboacións forestais de piñeiros e eucaliptos e aplicou xenerosas subvencións para o abandono de terras agrícolas e a súa forestación, medida adecuada para algúns países, pero inexplicábel e inustificábel para a realidade galega por ter pouca terra dedicada a cultivos e pradarias (menos dun terzo do total) e máis grave aínda se consideramos as nosas posibilidades agrarias que superan amplamente 50% da superficie galega e, en caso de pretendelo, puidesen chegar 74% do territorio. A administración non se interesa pola situación do noso bosque autóctono, nin

por aumentar a súa superficie, estado de conservación, melloría, equilibrio ecolóxico que representan...

### **Política Agraria Común, PAC**

Dende 1992, dentro da PAC, subvenciónase a plantación forestal en terras agrícolas (piñeiros e eucaliptos) e os propietarios, xa nese ano, puideron percibir da orde de 175.000-182.500 pts/ha para forestación, ademais dunha cantidade para o seu mantemento, (15.000-25.000 pts/ha), e unha cantidade compensatoria, (20.000-23.000 pts/ha).

As axudas de Bruxelas débense a unha política agrícola con excedentes agrícolas na Comunidade e que ten a necesidade de producir madeira para diminuír as importacións, dada a demanda da industria de celulosa e papel. Tamén alegan que existía moita poboación activa na agricultura, e queren que vaia diminuíndo e retirala do mundo agrario. No ano 2001, as axudas ao desenvolvemento rural (aplicación da PAC, transferencias FEOGA-Garantía), e en concreto transferencias á silvicultura e repoboación forestal, alcanzan aquí 45,1% do total, e destinan a programas de xubilación anticipada 36,9%, quedando 16,8% restante para zonas desfavorecidas e con dificultades ambientais.

As axudas ao desenvolvemento rural coas medidas citadas alcanzan 98,8% na Galiza, mentras que no conxunto do Estado as mesmas medidas só reciben 43,3% das axudas. Os cultivos herbáceos reciben aquí nese ano 6,4% dos fondos, mentres o conxunto do Estado recibía 43,3%. En definitiva, as axudas potencian o abandono agrícola e plantación forestal na Galiza, pero non potencian o agrícola e cereal que si o fai Bruxelas noutros lugares fóra de Galiza. A administración do Estado e da Xunta seguiu as orientacións e fixo que a planificación das repoboacións forestais funcionase sen descanso. Así, dentro do Programa Operativo Integrado de Galiza 2000-2006, contéplase para superficie forestal mellorada e repoboación un total de 76.320 ha, dos que 11.545 ha xa estaban realizadas a finais do ano 2001.

### **A Xunta e administración galega**

As axudas para a forestación e a repoboación forestal por parte da Xunta e da Administración galega son permanentes e seguen nestes últimos anos. Sirva como exemplo citar decembro de 2015 cando a Orde da Xunta DOG 248 30/12/2015 convoca axudas de 100% para forestación de terras non

agrícolas, pero que estean incluídas en terreos forestais, pasto con arborado e pasto arbustivo, sempre que a fracción de cabida do arborado sexa inferior a 20%. A Consellaría de Agricultura anunciaba para o ano 2016 axudas para forestacións de 35,6 millóns de euros e para tratamento silvícola e melloría 4,5 millóns de euros, axudas que superaban amplamente as do ano anterior. Sorprende que as axudas para forestación sexan case oito veces superiores que as axudas para silvicultura, pero a razón está en que se quere seguir aumentando e aumentando a superficie alborada.

Pero estas axudas citadas non son novas nin de agora. A administración galega, interesada en expandir o eucalipto, chegou nalgún tempo a conceder axudas e subvencións maiores ás da lexislación estatal. No ano 1996, a subvención na Galiza para o eucalipto multiplicou por 5 a do ano 1993 e ademais é máis do duplo da establecida para a Unión Europea e 5 veces superior a do conxunto do Estado. No Plan de reforestación (MAPA 93-97), reforestáanse 2.097 ha e páganse 471 millóns de pesetas ate decembro do ano 1995 en concepto de primas de reforestación.

As axudas son determinantes para potenciar unha especie: ás veces poténciase o eucalipto sen que pareza que é en exclusiva, e outras veces poténcianse coníferas. Así, por exemplo, un incremento das axudas da administración para *Pinus pinaster* a finais dos anos 90, ao considerala creadora de ecosistemas forestais permanentes en cotas entre 600 e 900m fixo que se pasase de utilizar 4,15 millóns de plantas na campaña 96/97 (15% do total), cunha extensión repoboada de 2.650 ha a 10,7 millóns no ano 98/99 (29% do total) e 6.825 ha anuais repoboadas con esta especie. Pola contra, nesa época as subvencións e axudas para as frondosas autóctonas, especies propias do país son iguais que as do resto do Estado e menos da metade das da Unión Europea.

## 2. Axudas legislativas do Goberno galego

A Consellaría do Medio Rural e do Mar publica unha Orde do 19 maio 2014 onde se:

“Establecen os modelos silvícolas ou de xestión forestal orientativos e referentes de boas prácticas forestais para os distritos forestais de Galiza” que ten como obxectivo facilitar a) o traballo os silvicultores, b) producir produtos forestais de calidade, c) promover a xestión forestal sustentable e d) mellorar o estado silvícola dos montes galegos.

Esta Orde manifesta e evidencia que non existe ningún Plan de Ordenación de Recursos Forestais (despois de anos e anos de repoboacións) e ofrece medidas de última hora aplicadas a diversas especies, entre elas *Eucaliptus globulus* e *Eucaliptus nitens*.

Para ambas especies fixa como territorio no conxunto dos XIX distritos en que se divide a Galiza.

- a) Na Provincia da Coruña: Distritos I Ferrol, II Bergantiños-Mariñas Coruñesas, III Santiago-Meseta interior, IV O Barbanza e V Fisterra.
- b) Na provincia de Lugo fixa para *E. globulus* o distrito VI A Mariña Lguesa. Para *Eucaliptus nitens* fixa tres distritos: tamén o distrito VI, o distrito IX Lugo-Sarria excepto os concellos: Castroverde, Sarria, O Incio, Samos, Triacastela, Paradela, O Páramo, Láncara, ademais do distrito X Terra Chá.
- c) Na Provincia de Pontevedra: Para *E. globulus* e *E. nitens* fixa os distritos: XVI Deza-Tabeirós, XVII O Condado-Paradanta, XVIII Vigo- Baixo Miño e distrito XIX Caldas-O Salnés.

Esta Orde, centrada como “xestión forestal orientativa” enmárcase dentro dos grandes intereses da industria da madeira que están detrás, e serviu como “pistoletazo de saída” para impulsar de novo a plantación e expansión dos eucaliptos (*Eucaliptus nitens*). En moitos concellos do interior, quedou establecido oficialmente onde se recomendaba plantar (dun total de 19 distritos, 10 foron asignados para *Eucaliptus globulus* e 12 para *Eucaliptus nitens*, menos en 8 concellos dun distrito), polo que, ao final, as comunidades de montes e os particulares entendían que se “podían plantar” ou mesmo “debían plantar” (tamén en zonas protexidas, de Rede Natura, ENP...). A Orde non contempla eucaliptos en plantación en distritos de Ourense onde existe menos repoboación en xeral e onde menos se corta anualmente. Como se xustifica o criterio? Que papel deixa ou asigna a Orde aos concellos para ordenar o seu territorio local? Que superficie máxima por distrito ou concello pode ou debe ocupar esta especie?

### **3. Permisividade e relaxación das normas e leis da administración**

Exemplos: As distancias de novas plantacións a fincas lindeiras, vivendas, in-

fraestruturas; as plantacións ilegais; cortalumes; a utilización de maquinaria pesada que prexudica o medio....

### **a) Distancias**

A Lei de Montes en vigor, que non apostou por unha auténtica política forestal e agraria sustentábel e xeradora dun medio rural poboado e vivo e con calidade de vida, favoreceu a febre “eucaliptadora” actual. No Anexo II da Lei 7/2012 de 28 xuño de Montes de Galiza, contéplanse as distancias a que se poden plantar os eucaliptos a respecto das parcelas lindantes, vivendas, cursos fluviais, etc...

- A 10 metros de distancia das parcelas forestais e das dedicadas a labrádeo, cultivo, prados ou pastos, e a terreos situados en solo rústico de especial protección agropecuaria.
- A 10 metros tamén de autoestradas, autovías, estradas, corredores de vías rápidas, vías férreas.
- A 4 metros das pistas forestais principais en concellos declarados de alto risco.
- A 15 metros de leitos fluviais de máis de 2 m de largo a contar desde o dominio público.
- A 30 metros das edificacións, urbanizacións, vivendas illadas, zonas industriais.
- A 50 metros de cámpings, gasolineras e industrias.

Estas distancias, en especial as lindeiras con terreo agrario, cultivos e pradarías, así como os relacionados coa ribeira fluvial, son extremadamente permisivas (ver Cadro XI) comparadas, por exemplo, coas normas dos concellos asturianos e fomentan a plantación de eucaliptos. En Asturias, dos 78 “Concejos”, xa no ano 2007 a terceira parte, (26), dispuña dunha normativa propia máis exixente que a normativa galega de 2012 e duplicaban ou triplicaban as distancias das plantacións de eucalipto.

No Cadro XI compárase a distancia de plantación marcada na Lei de Montes da Xunta de Galiza coa normativa de diferentes concellos asturianos, comprobándose que existe unha grande diferenza.



*Cadro XI. Distancia de plantación de eucaliptos a parcelas lindantes, vivendas, camiños... Comparación entre a Lei de Montes de Galiza e a Normativa que aplican diversos concellos de Asturias. (Distancia en metros).*

	Cultivos	Praderías	Ribeira fluvial	Vivendas	Camiño Santiago	Camiños
<b>Lei de Montes 7/2012 Xunta de Galiza</b>	10	10	15	30		4
<b>Concejo de Grandas de Salime Asturias, limite con Galiza</b>	20	20	20	50	30 banda	20
<b>Concejo de Colunga</b>	30	30	5	300	30 banda	8
<b>Concejo de Corvera</b>	25	25		50	30 banda	10
<b>Concejo de Cudillero</b>	20	20	20		30 banda	
<b>Concejo de Gozón</b>	30	20	50	70		5
<b>Concejo de Illano</b>	20	20	20	70		20
<b>Concejo de Piloña</b>	30	20	50			5
<b>Concejo de Pravia</b>	30	20	15	100		8
<b>Concejo de Quirós</b>	50	50	50	50		50
<b>Concejo de Ribadeva</b>	15	15	15	15		15
<b>Concejo de Salas</b>	20	20	5	40		3
<b>Concejo de San Martín de Osco, próximo a Galiza</b>	20	20	5	100		
<b>Concejo de San Tirso de Abres, limite con Galiza</b>	15	15	25	50		
<b>Concejo de Tapia de Casariego</b>	15	15	5		30 banda	
<b>Concejo de Taramundi, limite con Galiza</b>	20	20	20	100		3
<b>Concejo de Valdes</b>	20	20	20		30 banda	20
<b>Concejo de Vegadeo</b>	20	20	5		30 banda	3

Fonte: Lei de Montes 2012. Xunta de Galiza e Guía distancias legais de plantacións forestais Gobierno Principado Asturias. 2007.

Ademais, a Xunta de Galiza só obriga no papel a aplicar esta laxa normativa da Lei de Montes, xa que na práctica calquera pode observar que as distancias marcadas non se respectan, e todos saben que non pasa nada. Os Organismos públicos poden actuar de oficio en zonas de dominio público hidráulicos, zonas de servidume a beira dos ríos (franja de 5 m), zonas de servizo de tránsito a beira do mar (franja de 6 m Lei 22/1988 Ministerio de Medio Ambiente), zonas de servidumes de estradas estatais (franja de 25 m, R.D. 1812/1994 Ministerio de Fomento) e no resto de estradas (8m R.D. 1812/1994), zonas de dominio público do sector ferroviario (franja de 8m Lei 39/2003 do sector ferroviario Ministerio de Fomento)... Os organismos públicos poden actuar, pero non actúan: son os primeiros infractores ao non respectaren nin as súas propias Normas nin Leis.

A finais do 2018, o Parlamento aprobou unha lei de acompañamento dos Orzamentos para ser aplicada en 2019 con modificacións na Lei de Prevención de Incendios, da Lei de Montes e outras, mediante a cal a ordenación dos montes de superficie maior de 15 ha será de ordenación obrigatoria dende finais do ano 2028 (longa espera), mentres que os montes con menos ou igual superficie que 15 ha (coto redondo) a ordenación será obrigatoria a partir de finais de 2020. A normativa forestal para o ano 2019 tamén estableceu que nos parques eólicos existise unha franxa de xestión da biomasa de 200m de diámetro ao redor de cada aeroxerador (que obrigaría os propietarios do monte a respectala, cando antes eran as empresas). Ademais, aumentan as distancias mínimas de separación dos eucaliptos con relación a zonas urbanizábeis, solo urbano e solo de núcleo rural que alcanzan 50m agora.

## **b) Relaxación das Normas por parte da Administración**

Exemplos: Plantacións ilegais, devasas, herbicidas, maquinaria.

**Plantacións ilegais.** A Xunta recoñece que en 2018 levou a cabo 345 expedientes sancionadores, entre eles moitos por plantacións ilegais de eucalipto (mesmo plantación en pradarias) e coñécense moitos lugares afectados nos últimos anos (Rábade, Begonte, Lugo, Ferrolterra, Moeche, Xallas, Sta Comba, Pontedeume, Ortegá, Eume...) e as denuncias tramitadas e apercibimentos (3.952 entre 2016-2018) son unha porcentaxe moi pequena da situación real das plantacións ilegais e de non cumprir as Normas de Repoboación. Os propios axentes forestais que, en moitas ocasións, coñecen as situacións non actúan de oficio, senón que esperan a que se denuncie para poderen actuar.

Xa se citou que algún sindicato agrario difundiu en medios de comunicación que existen máis de 30.000 ha de eucalipto plantadas de forma ilegal terrosos en que non se podían plantar segundo a Lei de Montes, pero a administración nin actuou nin actúa.

**Devasas e herbicidas utilizados nas cunetas e beiras das estradas.** A pesar de que as devasas tiñan que realizarse seguindo as curvas de nivel (mesmo así son recomendados polas Normas de Agricultura), podemos observar en moitos montes como en terreo con pendente pronunciada se realizan devasas de arriba a abaixo, abrindo unha fenda vertical na vexetación: todo o contrario do que se debe facer, xa que así se favorece a erosión e arrastre da terra ao chegar a choiva e pérdese solo monte abaixo, quedando a rocha ao descuberto.

Na actualidade, ano tras ano seguen a utilizarse herbicidas para eliminar a vexetación da beira das estradas públicas, especialmente nas autoestradas, e autovías, pero tamén nas estradas nacionais e locais. Aínda todos os anos as organizacións de defensa do ambiente manifestan publicamente que repercuten negativamente na biocenose, entran nos acuíferos e contaminan a auga superficial, sendo moi problemáticos (cando non causan cancro) na mesma saúde humana e aumentan a posibilidade de incendio. Unha vez que entran nas augas subterráneas, a contaminación pode permanecer durante anos.

**Maquinaria.** Nos procesos de corta ou mesmo en forestación ou reforestación de eucalipto, utilízase á veces maquinaria pesada. A súa utilización trae problemas de erosión en zonas de pendente pronunciada, como se puido observar a finais de 2016 na parte oriental da Serra de Meira. Tamén esta maquinaria, no norte de Lugo, afectou 30 xacementos arqueolóxicos (castros, mámoas...) que se considera foron arrasados polo paso de maquinaria para cortas. Esta mesma maquinaria inaxeitada destrúe especies autóctonas xoves e chega a desviar regatos, tira paredes centenarias e sebes nas lindes e deixa unha paisaxe e un terreo irrecoñecíbel e disposto para aumentar a erosión. En Ferrol (en prensa diaria) aparecían en febreiro do 2017 noticias relacionadas co mal estado en que quedaban camiños, montes e muros tras a corta de eucalipto na zona rural e nas proximidades da cidade.

#### **4. Os incendios e as cortas favorecen a expansión do eucalipto**

Os incendios forestais xa dixemos que favoreceron a expansión do eucalipto, ao ser unha especie pirofítica, pioneira e invasora, que rebrota despois do

paso do lume e ademais as súas sementes acadan un medio idóneo de xerminación nas cinzas en masas de miles de plántulas. Co *Eucaliptus globulus*, o problema limitábase dende o nivel do mar até aproximadamente 300m de altura, pero agora co *Eucaliptus nitens* o problema vai dende o nivel do mar e alcanza altitudes superiores aos 1000m, e, calquera pode ver hoxe nas ladeiras de Fonsagrada eucaliptos en altitudes que superan os 900m.

Os incendios que afectan a piñeirais, carballeiras, fragas ou monte baixo son un “caldo de cultivo” para a introdución do eucalipto nesas zonas. As reboacións nuns casos, a forestación e as “invasións” fan que cada vez teñamos máis eucaliptos e ocupen un espazo maior. A rapidez do crecemento do eucalipto fai que as especies afectadas polo lume non poidan competir coa rapidez de asentamento e crecemento do eucalipto.

Obsérvase que nas zonas de coníferas que se cortan en Lugo, unha parte vai ser plantada ou colonizada por eucalipto, e terras de cultivo abandonadas e matogueira sofren a mesma situación.

## 5. Introdúcense e poténcianse novos eucaliptos

O *Eucalipto nitens* introdúcese en Galiza da mao Ence que, nos seus propios viveiros, importan sementes desta especie de tres procedencias australianas distintas, con ensaios de adaptación e crecemento en Chile para ver a resistencia ao frío. Saben que hoxe non ten inimigos naturais aquí e que ademais medra máis rápido que o *Eucalipto globulus* e produce máis madeira. Unha vez que se introduce, outros viveiros empezan a ofrecela e introducila en altitudes que van de 300 a máis de 1000m onde antes non estaba o eucalipto. O recorrido foi moi rápido: Se nun principio apenas se plantaban 2.000 ha/ano, nos últimos anos supéranse as 10.000 ha/ano. Non importa que sexa unha planta exótica, invasora e pirofítica e mesmo que a fábrica de celulosa de Pontevedra utilice até agora menos do 10% desta madeira; trátase de que exista moita madeira no mercado e así xa baixan os prezos de todas.

Introducir especies exóticas sen control e sen valorar os problemas e as pragas que poden traer para o futuro e sen experimentar en plans piloto previamente, ocorre en Galiza, pero é raro que se dea nun país europeo desenvolvido. Todos sabemos que outros países (Estados Unidos, Australia...) son rigorososísimos á hora de introduciren novas especies nos seus cultivos e son escrupulosamente revisados os viaxeiros nas alfándegas, parques nacionais...

O grupo Ence quería cultivar nunha parcela de concesión do Estado en Navia, (Asturias), catro millóns de plantas de *Eucaliptus nitens* e solicitou un permiso en 2009. O Concello, Principado e Demarcación de Costas que, en principio, deron o permiso víronse posteriormente coa dúbida, xa que a empresa pretendía aumentar a extensión a plantar e mesmo substituír o Eucaliptos globulos por *Eucaliptus nitens*. Antes de dar o seu visto e prace, ao tratarse dunha concesión, o Ministerio de Medio Ambiente solicitou no ano 2012 ao Servizo de Especies Protexidas do Goberno do Principado un informe que chega á seguinte conclusión:

“*Eucaliptus nitens* é máis que probábel que presente capacidade invasora que pode resultar prexudicial para o medio natural”. Outro informe do Comité Científico do Ministerio para o desenvolvemento da listaxe de especies silvestres en réxime de protección especial e do catálogo español de especies ameazadas determinou que: “Resultan moi perigosos debido ao seu carácter invasor, pola súa capacidade de dispersión e transformación do medio que habita, bloqueando o funcionamento do ecosistema”. Mesmo o Comité Científico insta a erradicar as plantacións que se realizaran xa.

O Ministerio de Medio Ambiente prohíbe no ano 2013 plantar *Eucaliptus nitens*, pero autorizou Ence a utilizar a parcela na marxe dereita de Navia de 10.000 m cadrados. A papeleira Ence apelou a decisión ante a sala do Contencioso Administrativo da Audiencia Nacional, pero esta rexeita a apelación en 2015 e obriga Ence a pagar as custas. Confirmou, polo tanto, o veto desta especie pero determinadas empresas están decididas a cultivar o *Eucaliptus nitens* tanto para madeira como para cultivo enerxético. Na sentenza asúmense os argumentos do Comité Científico do Ministerio e lémbrese que o *Eucaliptus nitens* é unha especie expansiva, con alto risco de invasión e moi perigosa para o mantemento da biodiversidade e a funcionalidade dos ecosistemas. Asturias ten *Eucaliptus nitens* plantados no límite con Galiza (sen autorización), mentres aquí se están plantando mais de 10.000 ha/ano desta especie, cando anos atrás se plantaban 3.000 ha/ano.

## **6. O abandono do campo como desculpa**

A diminución da poboación activa dedicada á agricultura e o paso da poboación do mundo rural á cidade tamén levou consigo que se abandonasen algunhas terras agrícolas, terras que terían que sumarse ás explotacións agro-gandeiras existentes, e especialmente as que aumentaban o número

de reses nos seus estábulos, pois coñecemos a gran dependencia de pensos e alimentos externos das granxas por non poderen producir o suficiente nas poucas terras que posúen, situación que torna menos rendíbeis as explotacións gandeiras.

Pola contra, o abandono de terras fixo que na maioría dos casos na procura de unha rendibilidade inmediata se plantasen especies de crecemento rápido, e en especial eucaliptos. O investimento era mínimo e accesíbel, non se precisaba coidar nin limpar o monte, tampouco estar pendente del e incluso as empresas da industria da madeira xa se facían cargo e pagaban algo, se ardía non trae custo para o propietario, pagabamos todos, se todo ía ben despois de 12-15 anos podían recollerse algúns millares de euros sen traballo. Mellor isto, dicían, que ter a terra abandonada e todo por non existir dende a Administración unhas directrices claras para ir aumentando a terra abandonada para o servizo da agro-gandeira existente.

## **7. O prezo da madeira como moeda de cambio de especies**

Os prezos fixados polos monopolios madeireiros inflúen notabelmente en que plantar no monte: Se os prezos dunha especie soben durante algún tempo, isto é un estímulo para que se plante esta especie, sen contar que cando pasen varios anos se poida vender a madeira, o prezo pode subir ou baixar varias veces. Por exemplo, un eucalipto plantado no ano 2000 cando o prezo da madeira en metros cúbicos era de 29,6 euros, vendíase a 29 euros/t en outubro de 2019. E polo medio, flutuou segundo os intereses dos monopolios entre 2005 e 2010 a 32 euros, en 2014 a 35 euros, en 2015 a 33 euros, en 2016 a 28,75, en marzo do 2017 pagarían 25 euros, a finais do 2018 movíase entre 32-34 euros/t, en setembro do 2019 estaba a 30 euros e un mes despois 29 euros/t. Os prezos baixos forza á maior produción para os propietarios obteren algúns beneficios.

## **8. As frondosas autóctonas: Falta de plántulas, encarecemento, deficiente melloría xenética, prezo**

Aínda pretendendo plantar especies autóctonas, os viveiros darán longos tempos de demora para plantacións de frondosas do país: castiñeiros, carballos, cerdeiras... Conseguir plantas seleccionadas leva varios anos, mentres os eucaliptos están sempre á disposición e son baratos. No ano 2016, nos medios de comunicación daban a noticia de que se logrou, por medio de

melloría xenética, aumentar a densidade da madeira de *Eucalyptus nitens* en 15%, reducindo así a diferenza de rendemento co *globulus* na industria do papel. Un ano antes, existía xa unha técnica que permitía reproducir en serie e de forma indefinida exemplares seleccionados de eucalipto, mantendo as mesmas características en cada un deles (embrioxénese somática). A investigación e os esforzos de melloría xenética están centrados no eucalipto pero, aínda que algunhas aplicacións sirvan para outras especies como carballos ou castiñeiros, na práctica non se producen.

O prezo da madeira de árbores como castaño alcanzaba no primeiro trimestre de 2019 no monte da comarca do Deza e na zona de Lalín até 80-120 euros/m<sup>3</sup> e en pezas acabadas no serradeiro chegaba a 300-1000 euros/m<sup>3</sup> dependendo de diversos factores (cor da madeira, nós...). O prezo da madeira de carballo para leña pagábase entre 31 e 42 euros/m<sup>3</sup>.

# Conclusiones

## 1. Somos o primeiro produtor de madeira do Estado

A superficie forestal arborada de Galiza na actualidade representa 7,7% da superficie arborada do Estado e producimos máis de 10 millóns de metros cúbicos de madeira que é máis da metade da madeira que se corta no conxunto do Estado. Se o monte estivese ordenado e con prácticas silvícolas adecuadas, non se necesitaría a extensión produtiva actual e, con menos superficie arborada a produción podía ser superior. Galiza pasou de producir 22,5% da madeira do Estado no ano 1980 a 48% en 2011, e dende o 2014 está superando anualmente máis de 50%, alcanzando en algúns anos xa 58-60%. Ultimamente Galiza proporciona ao Estado 48% das cortas de coníferas e 62% das cortas de eucalipto. Non podemos dicir o mesmo, nin parecido da madeira de calidade de árbores como carballo, castiñeiro... con cortas mínimas.

O Goberno galego pretende aumentar a superficie forestal arborada até en 15% para producir cada vez máis madeira, xa que o seu obxectivo é de duplicar a produción. Na actualidade, estamos exportando directamente madeira (10-15% do que producimos) e, por falta de industria axeitada que a transforme, exportamos 75 % da madeira serrada 67% dos taboleiros/chapas (serven para a segunda transformación), e 99% da pasta de celulosa. Galiza está especializada na produción de produtos intermedios pero, ao non ter unha industria forte de carpintería, móbeis, ebanistaría, envases, fabricación de papel e cartón, artes gráficas... perdemos un importante valor engadido que aproveitan outras Comunidades.

## 2. O Goberno Galego ten que paralizar as plantacións de *Eucaliptus nitens* Debe elaborarse un Plan para levantar o E. nitens plantado ilegalmente

A plantación e extensión de *Eucaliptus nitens* pon en perigo o bosque clí-



max galego pola súa capacidade e potencial invasor (demostrada en informes elaborados e aceptados polo Ministerio de Agricultura e o Goberno do Principado de Asturias) e por ser unha especie exótica e pirófitica.

Ademais, debe elaborarse un Plan de control para levantar o *Eucalyptus nitens* plantado ilegalmente (máis de 35000 ha) e un Plan para que non se expanda e invada fragas, matogueira, zonas de cultivo ou mesmo zonas calcinadas por incendios. As repoboacións existentes desta especie tiñan que ter un control rigoroso e datas e prazos para ir paulatinamente diminuindo a súa extensión até que sexa cero.

Como norma, non se debe autorizar a introdución de novas especies forestais, até que os estudos científicos pertinentes, xunto coa conveniencia social e económica da súa introdución, demostren que non son invasoras e teña interese a súa plantación en Galiza. Cando unha especie sexa aceptada, debe limitarse a súa extensión e zona de plantación durante algúns anos para ver a súa evolución nunha zona determinada.

### **3. Debe conxelarse a extensión de *Eucalyptus globulus*. No futuro ten que diminuír a súa extensión.**

As cortas anuais de madeira de eucalipto aproxímanse a 6 millóns de metros cúbicos, e cada vez a especie conquista máis territorio. Mesmo sorprendeuse no ano 2016 a Administración na 1ª Revisión do Plan Forestal polo avance do Eucalipto que considera estar en medio millóns de hectáreas, pero en realidade quizais supere 600.000 ha. A extensión que tiñan previsto no Plan Forestal de 1992 que ocuparía no ano 2032 (dentro de 12 anos) xa se superou hai anos en 230.000 ha.

Só este motivo obriga a exixir unha redución progresiva do espazo que ocupa hoxe o *Eucalyptus glóbulus* e a eliminar canto antes aos eucaliptos “invasores” que están hoxe colonizando e prexudicando o bosque caducifolio.

Ence estimaba antes da ampliación que precisaría para manter un subministro sostido de madeira nunhas 138.318 ha de cultivo de eucalipto para a súa fábrica de Pontevedra. Despois da ampliación, necesitará máis de 160.000 ha, aínda considerando que o eucalipto tamén abastece en parte a Ence Navia-Asturias, e as fábricas de taboleiros, e mesmo aos serradoiro. Aínda así, sobra cunha superficie moi inferior á actual e moito máis se esta está ordenada, en cuxo caso sobraría para a mesma produción coas dúas terceiras

partes do actual. O Goberno, en vez de diminuír a extensión, polo contrario pretende aumentar a superficie en máis de 25.000 ha.

**4. O impacto ambiental das actuais repoboacións é moi alto. Débese utilizar nas repoboacións forestais especies propias do país. Temos especies rendíbeis sen ser o eucalipto. Teñen que recuperarse os bosques galaría da ribeira dos ríos e protexer e aumentar o bosque galego en xeral**

O impacto ambiental das actuais repoboacións forestais artificiais e intensivas é moi grande: reduce os hábitats naturais e seminaturais, a flora, aves, insectos, mamíferos... repercute na calidade do solo e da auga, e o terreo presenta problemas de erosión e empobrecemento. Compiten pola auga e invaden hábitats naturais e o bosque clímax galego. Algunhas zonas (norte de Lugo e A Coruña) xa só teñen pequenas manchas de vexetación autóctona, illadas, fráxiles e vulnerábeis. Os eucaliptos son especies pirofíticas, moi inflamábeis, as follas a codia e a madeira arden con facilidade e a xerminación das sementes en lugares arrasados por incendios traen millares de novas plantas sen necesidade de plantalos. Os incendios aumentan a extensión que ocupan. As especies introducidas e outras exóticas fan que antes ou despois penetren pragas e enfermidades descoñecidas ate ese momento...

A propia Xunta recoñece (1ª Revisión do Plan Forestal en 2016) que:

- a) Non se cumpriron as expectativas previstas no Plan Forestal do 92 para o bosque autóctono. Pretendían como obxectivo cortar anualmente 2 millóns de metros cúbicos de madeira de frondosas do país, mais no ano 2018 cortáronse 275.683 m<sup>3</sup>.
- b) “O bosque autóctono só cumpriu as expectativas previstas en Ourense (a menos alborada) quedando lonxe nas outras Provincias, especialmente A Coruña e Pontevedra”.

As caducifolias son especies clímax adaptadas ao medio. Posibilitan a diversidade e a existencia de flora e fauna silvestre, fertilizan e melloran o solo, regulan o ciclo hidrolóxico, son compatíbeis coa produción de varios usos: madeira, gandeira en liberdade ou semiliberdade, mel, cogomelos, plantas medicinais, flores..., melloran a paisaxe e a saúde (tons de cores cambiantes ao longo do ano), son máis axeitadas no territorio en época de seca e, por enriba de todo, son idóneas en tempos de cambio climático. E por se fose

pouco, tamén son de maior valor económico que compensa o ser máis lentas no crecemento... e ademais fixan poboación no rural e son as nosas.

Necesítase unha maior protección do bosque de ribeira e aumentar notábelmente a súa extensión polo papel ecolóxico que desempeña na diversidade, sustentabilidade, control da erosión e de avenidas e inundacións, mellora e aumenta a riqueza da fauna (río, terrestre e aérea), inflúe na calidade e a temperatura da auga.... Na actualidade ao igual que sucede co bosque autóctono, o bosque de ribeira está abandonado sen silvicultura, nin tratamento algún, árbores caídas e abandonadas meses ou anos, sen podas e aproveitamento de leña, sen entresacas ou nova plantación que protexa a ribeira.

### **5. Os incendios son un gran problema e un gran negocio. A forma de loitar contra os incendios non é a correcta: A prevención é básica**

Algúns anos, temos a cuarta parte dos incendios e conatos de incendios do Estado e a superficie queimada proporcional en porcentaxe: en 2017 arderon máis de 62.000 ha, a metade arboradas. Os incendios son intencionados na gran maioría e ocasionan un gran impacto ecolóxico con enormes gastos sociais, perdas económicas, mortalidade e perdas de diversidade nos ecosistemas e mesmo perdas humanas.

Os incendios forestais son unha forma de expansión espontánea de *Eucalyptus glóbulus* e de *Eucalyptus nitens* á conta doutros tipos de vexetación. Precísase dun novo enfoque para loitar contra os incendios centrado na prevención, a aplicación de novas normas estritas nos cultivos forestais e sancións adecuadas para os infractores e incendiarios.

Urxe adoptar unha serie de novas medidas:

- a) Aproveitar a matogueira do monte baixo por gando en liberdade (ou semi-liberdade, en vixilancia a quendas ou individual estrita). Ao termos unha gandairía extensiva en vacún, ovino, caprino, cabalar e, nalgúns casos porcino, diminuírá así a biomasa á disposición do lume e manteríase o monte pastábel, ademais de podérmolo aproveitar para outros usos. Crearía postos de traballo todo o ano, e fixaría poboación no rural.
- b) Aumentar o pasto no forestal arborado, con arborado en densidade baixa e pasto/prado utilizábel por gando. Teñen que potenciarse as devesas onde árbores e pasto compatibilizan os usos con aproveitamento ma-

deireiros e outros usos diversos (gando, leña, froitos, mel, cogomelos, caza...). Estes produtos de calidade e aproveitados de forma sustentábel non teñen competencia no mercado e así garantiremos unha biodiversidade, sustentabilidade e protección da fauna silvestre e tamén sirve para evitar perda de poboación.

- c) Cambiar as especies forestais nas repoboacións, sobre todo é máis nun momento de cambio climático que implica máis seca no medio. Para isto, dispomos de especies propias do bosque autóctono (cerdeiras, castiñeiros, carballos, nogueiras, freixos...) que consumen menos auga do solo que as especies de repoboación actuais e crean un ambiente máis húmido e fresco no interior do bosque, e que, resisten mellor as condicións adversas e o lume.
- d) A Administración debe poñer normas novas e facelas cumprir. Co fin de evitar o inicio do lume, as Comunidades de Montes e os propietarios particulares con repoboacións teñen que vixiar os seus montes, mantelos relativamente “limpos” e en condicións que impidan incendios, retirando das parcelas biomasa cada certo tempo con criterios ecolóxicos. En caso de incendio, nos seus montes deben achegar unha porcentaxe económica relacionada cos gastos e en función tamén dos beneficios que tivesen antes. Os incendiarios teñen que ser perseguidos e sancionados eficazmente.
- e) Ten que crearse un Imposto verde. Non pode recaer no conxunto da sociedade o custo de preto de 200 millóns de euros para a campaña anual de loita contra os incendios, polo, que por superficie repoboada ou por cada metro cúbico de madeira de piñeiros e eucaliptos que se corte se debe aplicar un canon que sirva para recadar economicamente e destinado á loita de prevención primeiro e loita contra incendios e recuperación despois, canon que desaparecerá cando desaparezan os incendios forestais.

Ao mesmo tempo, dado o impacto ambiental que traen as repoboacións actuais, deben temporizarse e crear un imposto verde por plantar estas especies, imposto que iría destinado a un fondo exclusivamente ambiental.

Até hoxe, os incendios non paralizaron a produción de madeira na Galiza. É máis serviron para estender o eucalipto e para aumentar as cortas anuais de eucaliptos e piñeiros. Un fenómeno que se repite ano tras ano durante 60 anos só pode producirse se ten como cómplice por activa ou pasiva unha administración que fai un duplo xogo: por un lado, saca fondos públicos para

facernos crer que está a combater o lume, e, polo outro a súa política forestal potencia as árbores de crecemento rápido e as mesmas especies beneficiadas co lume.

## **6. Industria. Temos que exportar gran cantidade de madeira e produtos semitransformados por falta de industria aquí. É Preciso pechar os ciclos da cadea forestal e potenciar a industria do móbel e dos produtos do bosque autóctono**

Aínda que somos unha potencia madeireira, non se logrou que se completen os ciclos, nin que se desenvolva unha industria da madeira e do móbel acorde coas nosas posibilidades, necesidades e producións. Galiza está especializada na produción de produtos intermedios, e céntrase no primeiro elo da cadea forestal: madeira, taboleiros/chapa, pasta de celulosa. Falla a segunda transformación onde estaría a industria do móbel, carpintaría, envases, fabricación de papel e cartón... Este tipo de industria consumiría menos enerxía, auga e materias primas, produciría menos contaminación e xeraría máis postos de traballo e máis valor engadido, pero hoxe esta industria está fora de Galiza.

Ao mesmo tempo, debe potenciarse a industria relacionado coa madeira de árbores nobres e con froitos e produtos diversos: castaña, cereixa, noces, cogomelos, mel e outros produtos das colmeas, flores silvestres, leña... Temos que producir madeira de calidade e leña das caducifolias, cobizada e valorada en calquera país do mundo. Temos posibilidades que outros non teñen e non aproveitar cortas é inxustificábeis, ao tempo que se deben crear industrias relacionadas co aproveitamento destas madeiras, dos seus froitos e da súa leña.

## **7. Necesidade de ordenación do territorio e ordenación do monte arborado**

A planificación física e a ordenación do territorio ten que ser previa a calquera política forestal. Non podemos perder terras agrícolas á conta de aumentar a superficie forestal. Estamos utilizando menos da terceira parte do territorio a cultivos e pradarías, cando normalmente os países europeos teñen case a metade da superficie dedicada a este fin. Galiza non pode perder terras de calidade para o forestal, mesmo tería que recuperar terras forestais (aínda que sexan algunhas de mediana calidade) para cultivos e praderías. Ademais, deben devolverse os terreos hoxe plantados ilegalmente con repoboacións forestais para o uso anterior (estaban moitas nesta década dedicadas a pasteiro e a terras de labor).

É preciso ordenar o monte arborado. Só está ordenada unha moi pequena parte das masas produtivas. O forestal arborado leva anos nunha situación caótica, onde se subvenciona, se planta e se espera para cortar.

### **8. Precísase que incremente o patrimonio forestal galego**

Temos unha moi baixa superficie de titularidade pública, tanto do Estado, como da Comunidade Autónoma ou dos concellos. Mentres no Estado a superficie pública de monte é de 0,19 ha/habitante, na Galiza é de 0,02 ha/habitante. No Estado 31,4% do forestal é de Patrimonio, mentres que na Galiza os montes de uso público Estado/concellos representan 2,7% do total forestal. Precísase incrementar o Patrimonio Forestal Galego.

Polo contrario, algunhas Comunidades de Montes en Man Común están xa repartindo ou permitindo o aproveitamento individualizado do monte de forma ilegal, mentres a Administración fica pasiva ante esta usurpación ilegal e non exige con rigor que se paralicen tales situacións.

Os organismos públicos teñen que destinar un fondo anual para ir progresivamente mercando monte, a comezar por facer nesas superficies unha política de repoboacións axeitada e exemplar, adaptada á realidade do país e en función dos nosos intereses.

### **9. A Xunta incumpre as súas propias Normas e Leis**

- a) Distancias das plantacións de eucalipto a ríos, parcelas agrarias, camiños, estradas...
- b) A obrigada limpeza e coidado dos montes con piñeiros e eucaliptos.
- c) Consente plantacións de eucaliptos en praderías (30.000 ha recoñecen os sindicatos)
- d) Ultimamente subvenciona plantacións de frondosas autóctonas onde xa están frondosas autóctonas.
- e) Permite devasas en vertical, cando terían que seguir as curvas de nivel.
- f) Permite cortas a feito en parcelas pequenas e grandes e utilización de maquinaria pesada en lugares de gran pendente.

- g) Incumpre sistemático a Lei de Avaliación Ambiental en procedementos que implican cambios de actividade agrícolas e forestais.
- h) Tan so anunciou recentemente o Rexistro de masas autóctonas consolidadas prevista na Lei de Montes (Art. 93.1).
- i) Segue reiteradamente utilizando herbicidas prexudiciais para a saúde humana e o ecosistema nas beira das estradas.

## **10. A industria determina e benefíciase da política forestal**

Orientar o forestal a madeira destinada a celulosa, papel e taboleiros só favorece determinadas empresas como Ence, Finsa e outras poucas de menor entidade. A superficie dedicada ao cultivo de cereais e leguminosas diminúe, como diminúe a extensión de matogueiras e pradarias. Pola contra, a superficie dedicada a forestal arborado aumenta con plantacións de eucaliptos. O resultado é que a agricultura-gandeira sae prexudicada e vémonos obrigados a importar de países afastados cereais que antes plantabamos e cultivabamos como millo, trigo, centeo ou cebada, precísanse para fabricar pensos e cebar os animais. Cultivar no país non só é posíbel, sustentábel e necesario para que as granxas non diminúan e o rural se manteña con poboación. Necesitamos producir carne e leite, pero de calidade e saudable en pastoreo e con produtos naturais e cereais propios e non transxénicos.

Mentres que dende 1984 se multiplica a superficie dedicada a eucalipto, diminúe tamén na mesma proporción a superficie e produción de millo, centeo, pradarias, cultivos... Debería facernos pensar que, durante todo o século XX, o número de vacas na Galiza estivo por riba do millón de cabezas, oscilando pero manténdose por riba desa cifra. Desde o ano 2010 até hoxe en ningún non se alcanzaron esas cifras, e mesmo en 2018, segundo o censo do Ministerio de Agricultura de decembro de 2019, só tiñamos 934.900 cabezas e ese ano perdeuse 5,27% das explotacións. Mentres que a cabana gandeira de vacas do Estado aumentou 75% dende 1965 ao 2008, a cabana gandeira galega redúcese en só 16 anos (2002-2018) e perde 137.934 cabezas, baixando 13%.

## **11. Ence fora da Ría**

Ence sempre se sentiu segura e cómoda na súa localización de Pontevedra e nunca lle importou as críticas cidadáns polas emisións, cheiros, vertidos á ría

e perdas en recursos mariños, turismo... A razón de tal seguridade posiblemente tiña que ver coa boa relación da empresa co partido no Goberno (PP) e coa Xunta (PP), xa que no Consello de Administración de Ence sentase dende hai anos unha ex deputada do PP e ex ministra de Medio Ambiente (Isabel Tocino) e un ex Director Xeral de Montes e despois Conselleiro da Xunta de Galiza (Carlos del Alamo). Porqué será? Non esquezamos tampouco as orixes da fábrica, o Pacto Ambiental coa Xunta, ou como un Goberno provisorio asina unha prórroga de permanencia de 60 anos. Os beneficios económicos despois de impostos en 2017 foron de 33 millóns de euros e unha pequena parte serve para facer múltiples favores económicos que intenta contentar unha poboación que os ten que soportar diariamente.

As emisións contaminantes da fábrica á atmosfera, os vertidos a ría, o altísimo consumo de auga, o impacto no ecosistema mariño, o rexeitamento que fai do turismo na zona, a política forestal que marca, orienta e determina, o seu comportamento prepotente... e os anos que leva producindo esta situación son razóns máis que suficientes para que Ence se traslade de Pontevedra. O ano pasado, o Goberno PSOE en funcións anunciou que se negaba a defender a ampliación da concesión até o ano 2073, e os avogados do Estado manifestaron que a ampliación da concesión non se axustaba a dereito e argumentaron que a instalacións deben cambiar de localización, ao existir outras localizacións máis axeitadas, conforme establece a Lei de Costas.

Polo que a contaminación da Ría de Pontevedra e o traslado de Ence está en mans do Goberno de Pedro Sánchez.



**Autor: Ramón Varela Díaz. Doutor en Ciencias Biolóxicas e Catedrático de Bioloxía-Xeoloxía. Ex-Presidente de ADEGA**

Autor e coautor de máis dunha decena de Informes e libros educativos, ambientais e manuais de texto. Libros sobre o forestal, as centrais nucleares, residuos radioactivos, celulosas, choiva ácida, furados de ozono... entre eles Eucaliptos, celulosas e o forestal galego (ano 1990) ou Contaminación atmosférica en Galiza (ano 2004). Ten publicado máis de un centenar de artigos sobre o medio ambiente en prensa diaria e semanarios como por exemplo El País, Le Monde Diplomatic, A Nosa Terra, El Correo Gallego, Cerna, Galicia Hoxe, Faro de Vigo, El Progreso, Sermos... e para a Adegga. Actualmente publica artigos en Mundiario, Nós, Cerna, Tempos...